

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 14 de novembro de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día 14 de novembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta* e *Paula Bouzós Barros* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35762.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de novembro de 2025.

2.35763.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “VIVE O RURAL 2026”. TRÁMITE ANTICIPADO DE GASTO. (EXPTE. 2025060881).

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro.- A cultura e a idiosincrasia galegas sempre estiveron vencelladas á vida no rural, xa que a tradición agrícola e gandeira marcaron profundamente a sociedade galega e a forma de traballar no campo. Esa herdanza, que garante un trato máis respectuoso co solo, coa natureza e co benestar animal, é aínda hoxe a opción maioritaria no campo galego, que aposta pola calidade e sostibilidade en vez de pola explotación intensiva.

Na actualidade, unha gran porcentaxe da xuventude vive allea á realidade do rural, aos traballos e procesos produtivos que se levan a cabo nel e ao papel fundamental que desenvolve o sector agrario para manter a biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición, polo que é necesario, desde o punto de vista pedagóxico, rachar coa burbulla urbana na que viven as rapazas e rapaces amosándolles outras contornas, escenarios e modos de vida máis alá do seu mundo, ao tempo que se fomenta a curiosidade pola natureza e o respecto pola nosa cultura e polo medio.



Por outra banda, a demanda de instalacións para realizar actividades educativas e de ocio no ámbito do tempo libre é crecente por parte das diferentes entidades que traballan con nenas e nenos e coa primeira etapa da mocidade.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins promover a participación da mocidade en actividades do ámbito da educación non formal, do lecer e do tempo libre, incidindo especialmente naquelas que teñen un marcado carácter ambiental.

Segundo.- Con tal obxectivo, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ponse en marcha a terceira edición do programa ambiental “Vive o rural”, dirixido a escolares de educación infantil, primaria e secundaria (ESO) de centros educativos públicos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, para realizar saídas educativas a granxas escola da provincia de Pontevedra, co obxectivo de servir de apoio ao labor educativo que se desenvolve nos centros de ensino.

Terceiro.- A contía total máxima destinada a esta convocatoria incluída no Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 é de oitenta mil (80.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

O importe máximo da subvención por entidade será de mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €).

O importe máximo a subvencionar por alumno é de vinte e cinco euros (25 €) cun límite de cincuenta (50) alumnas/as por centro ou anpa, agás nos centros que cumpran os seguintes requisitos nos que o importe máximo a subvencionar será de corenta euros (40 €):

- Ter menos de 50 alumnos matriculados no global do centro
- Máximo de 30 alumnas/as participantes na actividade

As axudas deberán destinarse a financiar:

- a) O custo da entrada ás granxas escola para o desenvolvemento dunha saída ambiental dun día. As actividades fundamentaranse na participación activa do alumnado no seu propio proceso formativo, na interacción co medio, na cooperación e nas relacións interpersoais. Terán contidos e procesos de aprendizaxe construtivos adaptados, cun carácter eminentemente práctico.
O custo da entrada pode incluír a comida na propia granxa escola.
- b) Os gastos de desprazamento en transporte colectivo de ida e volta entre o centro docente e a granxa escola para realizar visitas de educación ambiental.

Cuarto.- Consta no expediente o informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, de data 5 de novembro de 2025 (CSV: EI5YLDA36Y16LYI2).

Con data 5 de novembro de 2025, Intervención emite informe favorable ao expediente indicando entre outros extremos que “(...) a aplicación proposta nas Bases, 26/233.2310.480.02, considérase correcta. Non obstante, á aprobación das mesmas debe quedar condicionada á aprobación



definitiva do orzamento para 2026 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, por tratarse dunha tramitación anticipada. O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta Goberno, a teor do establecido nas bases para a execución do orzamento.(...)"

- LEXISLACIÓN APLICABLE:
 - Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
 - Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
 - Lei 9/2007, de 13 de xunio, de subvencións de Galicia
 - Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG
 - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
 - Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
 - Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
 - Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia
 - Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
 - Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
 - Bases de execución do Orzamento provincial vixente

De acordo co exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na que se establecen como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial así como no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o gasto por importe de 80.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02, condicionado á aprobación do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.

Segundo. Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa “Vive o Rural” para o ano 2026, cuxo tenor literal é o seguinte:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A CENTROS EDUCATIVOS E ANPAS SITUADOS EN CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A ORGANIZACIÓN E O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA AMBIENTAL “VIVE O RURAL” 2026.

A cultura e a idiosincrasia galegas sempre estiveron vencelladas á vida no rural, xa que a tradición agrícola e gandeira marcaron profundamente a sociedade galega e a forma de traballar no campo. Esa herdanza, que garante un trato máis respectuoso co solo, coa natureza e co benestar animal, é aínda boxe a opción maioritaria no campo galego, que aposta pola calidade e sostibilidade en vez de pola explotación intensiva.



Na actualidade, unha gran porcentaxe da xuventude vive allea á realidade do rural, aos traballos e procesos produtivos que se levan a cabo nel e ao papel fundamental que desenvolve o sector agrario para manter a biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición, polo que é necesario, desde o punto de vista pedagóxico, rachar coa burbulla urbana na que viven as rapazas e rapaces amosándolles outras contornas, escenarios e modos de vida máis alá do seu mundo, ao tempo que se fomenta a curiosidade pola natureza e o respecto pola nosa cultura e polo medio.

Por outra banda, a demanda de instalacións para realizar actividades educativas e de ocio no ámbito do tempo libre é crecente por parte das diferentes entidades que traballan con nenas e nenos e coa primeira etapa da mocidade.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins promover a participación da mocidade en actividades do ámbito da educación non formal, do lecer e do tempo libre, incidindo especialmente naquelas que teñen un marcado carácter ambiental.

Con tal obxectivo, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico ponse en marcha a terceira edición do programa ambiental “Vive o rural”, dirixido a escolares de educación infantil, primaria e secundaria (ESO) de centros educativos públicos dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, para realizar saídas educativas a granxas escola da provincia de Pontevedra, co obxectivo de servir de apoio ao labor educativo que se desenvolve nos centros de ensino.

Deste xeito, este programa ten como finalidade ofrecerlles ás rapazas e rapaces a oportunidade de realizar actividades alternativas e de calidade para o seu lecer e tempo libre, así como para coñecer e descubrir lugares da súa contorna xeográfica, achegarse á realidade das actividades agrícolas e gandeiras e adquirir coñecementos prácticos sobre a produción local, as características dos cultivos presentes na contorna, a vida dos animais que habitan nela, o coidado do medio natural e a valorización do sector primario, poñendo sempre en valor o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria como elemento de identidade da nosa cultura.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 77 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establécese que “As administracións públicas de Galicia levarán a cabo accións tendentes a poñer en valor o traballo e a vida no medio rural e costeiro non urbano e concienciar a sociedade acerca da relevancia da conservación e do mantemento dos seus valores sociais, económicos, culturais e medioambientais”.

Ademais, este programa enmárcase dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no que se establecen como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, recóllese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que, de acordo con este concepto, lles atribúan as leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o programa de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, e regular as condicións de participación na terceira edición do programa “Vive o rural”, dirixida ás asociacións de nais e pais de alumnas e alumnos (en adiante, anpas) dos centros educativos públicos e aos propios centros escolares dos concellos da provincia con poboación inferior a 20.000 habitantes para organizar visitas de educación ambiental ás granxas escola da provincia de Pontevedra inscritas no Rexistro de



Instalacións Xuvenís da Xunta de Galicia, que consistirán en pasar un día realizando distintas actividades de toma de contacto cos animais, labores da horta, obradoiros educativos, xogos ou calquera outra actividade de natureza análoga.

Para os efectos desta convocatoria enténdese por granxas escola, de conformidade co disposto no artigo 3 do Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, aquelas “instalacións que, cumprindo os requisitos exixidos para albergues ou campamentos xuvenís, ofrecen equipamentos suficientes e adecuados para o traballo didáctico no tempo libre de técnicas agrarias ou gandeiras, ou no recoñecemento do medio natural e na educación ambiental”.

As granxas escola da provincia de Pontevedra inscritas como tales no devandito rexistro son as que figuran no anexo I.

Segunda. Entidades beneficiarias

2.1. Son entidades destinatarias destas subvencións:

a) Os centros públicos de educación infantil, primaria e educación secundaria (ESO) que teñan a súa sede nalgún concello da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 20.000 habitantes e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

b) As anpas dos centros educativos anteriormente indicados que estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións como tales con anterioridade ao remate de presentación de solicitudes.

2.2. Para poder ser beneficiarias destas axudas é obrigatorio estar ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e coa Seguridade Social, e non incorrer en ningunha das outras prohibicións sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e estarán sometidas, en todo caso, ás obrigas previstas no artigos 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no 11 da citada LSG.

Terceira. Financiamento, gastos subvencionables e período de execución do programa

3.1. A contía total máxima destinada a esta convocatoria incluída no Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 é de oitenta mil (80.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

3.2. O importe máximo da subvención por entidade será de mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €). O importe máximo a subvencionar por alumno é de vinte e cinco euros (25 €) cun límite de cincuenta (50) alumnas/as por centro ou anpa, agás nos centros que cumpran os seguintes requisitos nos que o importe máximo a subvencionar será de corenta euros (40 €):

- Ter menos de 50 alumnos matriculados no global do centro*
- Máximo de 30 alumnas/as participantes na actividade*

3.3. O programa desenvolverase nos períodos lectivos comprendidos entre os meses de xaneiro a maio e de setembro a decembro de 2026, excluídos os períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa. Deste xeito búscase fomentar a participación dos centros educativos e anpas fóra da temporada alta e de maior actividade das granxas-escola.

3.3. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan ao obxecto do programa, que resulten estritamente necesarios para levalo a cabo e financien actividades desenvolvidas durante o ano 2026.



As axudas deberán destinarse a financiar:

- c) O custo da entrada ás granxas escola para o desenvolvemento dunha saída ambiental dun día. As actividades fundamentaranse na participación activa do alumnado no seu propio proceso formativo, na interacción co medio, na cooperación e nas relacións interpersoais. Terán contidos e procesos de aprendizaxe construtivos adaptados, cun carácter eminentemente práctico.
O custo da entrada pode incluír a comida na propia granxa escola.*
- d) Os gastos de desprazamento en transporte colectivo de ida e volta entre o centro docente e a granxa escola para realizar visitas de educación ambiental.*

3.4. En ningún caso terán a condición de gasto subvencionable o custo da entrada do persoal docente acompañante.

3.5. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos resolveráas o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, ben de oficio ou a petición de calquera das entidades solicitantes.

3.6. As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio 2026 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

Cuarta. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Quinta. Lugar e modalidade de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da institución provincial (<https://sede.depo.gal/>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para presentar as solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

A solicitude incluírá un apartado no que se faga constar unha declaración responsable da persoa solicitante de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o 1 de decembro de 2025 e permanecerá aberto durante o período de vixencia da convocatoria, ata o esgotamento do crédito dispoñible.



No suposto de que antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes se esgotase o crédito dispoñible, o órgano concedente publicará tal circunstancia no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación da solicitude consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, salvo que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da persoa representante.*
- b) Domicilio fiscal da entidade.*

En caso de que as entidades interesadas se opoñan á consulta deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Documentación para presentar

As entidades interesadas deberán achegar con cada solicitude a seguinte documentación:

- a) Acreditación da representación da persoa que actúe en representación da anpa ou do centro escolar, só no caso de que non se empregue un certificado cualificado de representante.*
- b) Certificación expedida pola secretaría da anpa ou centro educativo na que se faga constar o acordo de solicitar a participación no presente programa e a composición actual da xunta ou órgano directivo (anexo II).*
- c) Documento que acredite a inscrición da anpa no Rexistro de Asociacións como tal, no seu caso.*
- d) No seu caso, declaración responsable da secretaría do centro educativo na que se indique que o centro ten menos de 50 alumnas ou alumnos matriculados e que na actividade participarán un máximo de 30 alumnas ou alumnos.*
- e) Certificado de titularidade bancaria. Non será necesario achegalo se xa foi presentado con anterioridade. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en qué momento e ante que órgano administrativo o presentou, co fin de ser recollidos pola propia Administración.*

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenericos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenericos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).

Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenericos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.



Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade solicitante, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáráselle que de non facelo se terá por desistida a súa solicitude, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21.

Décima. Procedemento de concesión

10.1. O procedemento de concesión destas axudas realizárase en réxime de concorrencia non competitiva, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

As solicitudes resolveranse por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra, de acordo coas seguintes regras:

- *Naqueles supostos nos que se lles requira ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, entenderase por rexistro de entrada a data na que o dito requirimento estea correctamente atendido.*
- *Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa cantidade solicitada, o crédito esgotarase nela coa cantidade de axuda que resulte, sempre que o centro educativo o acepte de xeito expreso, previa comunicación polo Servizo de Xuventude e Reto demográfico.*

As solicitudes que, cumprindo todos os requisitos, non poidan ser atendidas polo esgotamento do crédito, formarán parte dunha lista de agarda. Esta lista utilizarase para asignar novas axudas, no caso de que houbese renuncias e pola tanto crédito adicional dispoñible.

10.2. Só se admitirá unha solicitude por centro escolar, ben sexa a través dos órganos directivos deste ou da anpa.

10.3. Instrución. O órgano competente para instruír o procedemento é a xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder as axudas.

Unha vez instruído o procedemento, o órgano instructor elevará un informe-proposta de concesión para a súa fiscalización previa por Intervención e a aprobación posterior polo órgano competente.

10.4. Resolución. Correspóndelle a súa resolución á Xunta de Goberno. Esta comprenderá a identificación da entidade, a contía da subvención e as obrigacións que lle corresponden como beneficiaria.

10.5. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se aprobe unha nova convocatoria ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito, a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da LSG.

10.6. A resolución de concesión das subvencións ponlle fin á vía administrativa. Contra ela poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.



Décimo primeira. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas recollidas no artigo 11 da LSG, así como as seguintes:

- Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención, que é a organización de visitas de educación ambiental ás granxas escola para pasar un día realizando distintas actividades de toma de contacto cos animais, labores da horta, obradoiros educativos, xogos ou calquera outra de natureza análoga para alumnado de educación primaria ou secundaria de centros escolares da provincia.

Deste xeito, deberán xustificar, dentro dos prazos e na forma establecida para o cumprimento dos requisitos, que se destinaron os fondos percibidos ao financiamento do custo das entradas ao centro ou do gasto de transporte colectivo de ida e volta.

- Programar coas granxas escola as visitas dentro dos prazos especificados na base terceira e as actividades para desenvolver dentro do obxecto destas bases, así como organizar e concertar a loxística necesaria para realizar a actividade para a cal solicita a subvención.

- Dispor e custodiar as autorizacións expresas das e dos representantes legais do alumnado participante na saída para a posible toma e difusión de imaxes nas redes sociais e medios de comunicación da Deputación de Pontevedra, co fin de lograr a difusión efectiva do programa para as vindeiras convocatorias e de garantir os principios de transparencia e accesibilidade da información.

- Comunicarlle, cunha antelación mínima de cinco (5) días hábiles, os datos da visita ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico a través do correo electrónico xuventudereto@depo.es.

- Dispoñer o persoal necesario para acompañar ao alumnado no desenvolvemento das actividades, segundo o disposto no artigo 76.c do Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e no Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. A Deputación de Pontevedra quedará exenta de toda responsabilidade que puidese derivar en caso de incumprimento.

- Aboarlles ás granxas escola e á empresa de transporte colectivo o importe da actividade ou servizos contratados, circunstancia que debe de quedar acreditada documentalmente cando a entidade presente a xustificación. En todo caso, como data límite deberá acreditar o pago nun prazo non superior a un (1) mes desde que se perciba a subvención concedida.

- Realizar unha publicidade adecuada do carácter público do financiamento recibido. As medidas de difusión poderán consistir en carteis, publicacións impresas, contidos para redes sociais, entradas en páxinas web, ou calquera outro medio que permita constatar a veracidade da difusión que, en todo caso, deberá incluír a imaxe identificativa do programa, a cal estará dispoñible en www.depo.gal.

- Presentar a xustificación da subvención na forma e no prazo indicado na convocatoria.

Décimo segunda. Notificacións e publicacións

12.1. As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións practicaránse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://debu.redsara.es>.

12.2. A resolución de concesión da subvención notificaráselle a cada entidade solicitante, sen prexuízo da publicación da relación das entidades beneficiarias, das entidades en lista de agarda e das excluídas na Sede electrónica e na páxina web da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.



Décimo terceira. Pagamento e xustificación

O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación da execución do gasto, integrada pola seguinte documentación, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

- 1. Conta xustificativa dos gastos e ingresos, no seu caso, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo nos que se reflicta que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda (segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>). Tamén se indicará que o resto dos xustificantes das contas se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece nas Bases de execución do Orzamento provincial vixente.*
- 2. Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, acompañados dos documentos de xustificación do pago. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.*
- 3. Memoria de actuación na que se sinalen as actividades realizadas durante a visita, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>.*
- 4. Acreditación de que se lle deu difusión ao financiamento obtido.*

De conformidade co establecido no artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións (OXS) da Deputación, as entidades beneficiarias deben pagarlles aos seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Só poderán utilizar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 31 de xaneiro de 2027.

Décimo cuarta. Perda do dereito ao cobro e/ou reintegro

Procederase ao reintegro e/ou á perda do dereito ao cobro total ou parcial das subvencións outorgadas, nos termos fixados nesta convocatoria e na normativa de subvencións e, en particular, no artigo 36 da LXS, nos seguintes casos:

- Por incumprir a normativa de subvencións.*
- Por incumprir as condicións e as obrigas asumidas no outorgamento da subvención.*
- Por non presentar no tempo e na forma a documentación xustificativa ou presentala de forma incompleta.*
- Por non pagar as actuacións subvencionadas no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.*
- Por non presentar os xustificantes bancarios acreditativos do pagamento das facturas.*
- Por non acreditar a difusión da subvención concedida, incumprindo as obrigas en materia de publicidade.*



Décimo quinta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a entidade beneficiaria declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sexta. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases, polo disposto na LXS, no RLXS, na LSG e na OXS da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento provincial vixente e na demais normativa aplicable.

Anexo I

Rexistro de instalacións xuvenís da provincia de Pontevedra

<i>Denominación</i>	<i>Núm. de rexistro</i>	<i>Contacto</i>	<i>Enderezo</i>
<i>Granxa Escola Serantellos</i>	<i>36-GE-01</i>	<i>639 030 802</i>	<i>Serantellos, 1, Castrelo, Cambados</i>
<i>Granxa Escola Fervenzaventura</i>	<i>36-GE-04</i>	<i>695 069 933</i>	<i>Reboreda, 6, Abades 36589 Silleda</i>
<i>Granxa Escola Kiriko</i>	<i>36-GE-05</i>	<i>986 768 600</i>	<i>Soutosico, 20, 36847 Fornelos de Montes</i>
<i>Granxa Escola Corazón de Carballo</i>	<i>36-GE-07</i>	<i>986 623 398</i>	<i>Vilar, 45 36740 Tomiño</i>
<i>Granxa Escola Río Mouro</i>	<i>36-GE-10</i>	<i>630 524 081</i>	<i>Río Mouro Pequeno, s/n 36995 Poio</i>

Terceiro.- Publicar as citadas bases, xunto co seu extracto, no BOPPO e na BDNS.



3.35764.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE MEAÑO RELATIVO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA CAMPO DA FEIRA, NO ENTORNO DA CASA CONSISTORIAL, CONCELLO DE MEAÑO”. (EXPTE. 2025055818).

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o de proxecto “Humanización e mellora da seguridade vial na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño”. Executarase por completo a urbanización coa perspectiva da humanización de esta zoa significativa da vía provincial no lugar onde adquire unha caracterización netamente urbana e sirve de soporte e contacto directo da Casa Consistorial municipal.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	375.445,00 €
IVE 21%	78.843,45 €
Presuposto base de licitación con IVE	454.288,45 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente:

- ☐ Certificado do Pleno onde informa o Concello a forma de financiamento da achega municipal. con código de validación:WKK4XRQDFAN2TW57G43YDK3D.
- ☐ Certificado da aprobación do Convenio polo Concello co código de validación:7XQS2W9PEQY39H357TNDRPFY4



3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- ☐ Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais de supervisión do proxecto presentado polo Concello data 13 de agosto de 2025 co CSV: UBQED6O0GF0PQMHM.
- ☐ Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 1 de outubro de 2025 co CSV: XOXUPMEWZ5ZL5QZ6.
- ☐ Informe de Secretaría Xeral data 7 de outubro de 2025 co CSV: KEEU3BQ2DK5A4H3D.
- ☐ Informe de Intervención data 4 de novembro de 2025 co CSV: RC50QP68YUBR3N74.

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.



O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Meaño mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	318.001,91 €	70
Concello de Meaño	136.286,54 €	30
Total obras	454.288,45 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

A achega do Concello de Meaño será de 136.286,54 € (30 % do importe das obras), e que tal como consta no documento de compromiso de gasto aportado, levarase cabo mediante consignación no orzamento 2025 tal como indica o acordo adoptado na Sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación, celebrada na data 22.08.2025, de aprobación do EXPEDIENTE 27/2025, modificación orzamentaria crédito extraordinario/suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesouraría. (exp. 747/2025).



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno. O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.



- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño co CSV: 5GFV37IDTZO2U8C0 e o seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA CAMPO DA FEIRA, NO ENTORNO DA CASA CONSISTORIAL, CONCELLO DE MEAÑO”.

INTERVENEN

D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

D. Carlos Vieitez Fernández, alcalde do Concello de Meaño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

D. Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e



sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9303 Meaño - Dena, que transcorre polo concello de Meaño. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

VI.- Que o estado actual da E.P. 9303 Meaño – Dena no ámbito de actuación do proxecto, dende o punto quilométrico 0+000 ata o punto quilométrico 0+100, presenta características propias dun treito urbano, cun carril de circulación por sentido, bandas de aparcamento en liña e beirarrúas en ambas as marxes, pero cuns anchos que incumpren os parámetros actuais de accesibilidade e mobilidade universal.

Co fin de realizar unha replanificación profunda e conceptual en materia de mobilidade dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+100 da E.P. 9303 Meaño – Dena (Rúa Campo da Feira), buscando en todo momento fomentar a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público, decídese redactar o proxecto de “Humanización e mellora da seguridade vial na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño”, coa finalidade de dar resposta ás necesidades actuais en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Meaño, actuando no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+100 da E.P. 9303 Meaño – Dena (Rúa Campo da Feira), co fin de mellorar a seguridade e a mobilidade dos peóns grazas á construción dunha zona de convivencia en plataforma única, con prioridade de uso en favor do peón e non do vehículo motorizado, recuperando e ofrecendo así unha maior superficie de espazo público para o uso e desfrute dos colectivos máis vulnerables, utilizando para a execución da zona de convivencia materiais nobres que dignifiquen o espazo público existente, mellorando a calidade ambiental e a integración paisaxística con mobiliario urbano de deseño e vexetación autóctona.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución do proxecto de “Humanización e mellora da seguridade vial na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño”.

O proxecto contempla a execución dunha zona de convivencia en plataforma única, con prioridade de uso en favor do peón e non do vehículo motorizado, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+100 da E.P. 9303 Meaño – Dena, dignificando este novo espazo público coa utilización de materiais nobres, executando a zona de



convivencia en lousas e lastros de pedra. A maiores, se proxecta a intervención no pequeno vial transversal localizado na marxe esquerda da Rúa Campo da Feira, así como unha zona de acceso a diferentes parcelas nas que existen problemas de recollida de augas pluviais e é preciso resolver, actuando nestas zonas mediante a execución de zona de convivencia en plataforma única con formigón coloreado e lousas de pedra.

A maiores, a actuación introducirá no novo espazo público un mobiliario urbano actual e de deseño, co fin de favorecer tanto a estética como o uso e desfrute do novo espazo por parte da veciñanza, contemplando nova vexetación que favoreza a integración ambiental e paisaxística.

Ademais, o proxecto contempla a actualización da rede de recollida de augas pluviais co fin de acondicionala ao novo deseño do ámbito de actuación, mediante a execución de novos colectores que conectarán os novos sumidoiros e reixas á rede xeral de evacuación das augas pluviais existente na Rúa Campo da Feira. A maiores, se acondicionarán as redes municipais existentes ao novo deseño da rúa mediante a execución de novas acometidas da rede de fecais, posta a cota da nova rasante dos pozos e arquetas das redes existentes, etc.

Por último, se reubican os elementos de iluminación pública existentes na beirarrúa norte, en coherencia coa nova ordenación proxectada, se contemplan novos elementos de iluminación para as beirarrúas da zona sur, e se executará un sistema de rega automático para manter a nova vexetación en perfecto estado.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a trescentos setenta e cinco mil catrocentos corenta e cinco euros (375.445,00 €), máis setenta e oito mil oitocentos corenta e tres euros con corenta e cinco céntimos (78.843,45 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de catrocentos cincuenta e catro mil douscentos oitenta e oito euros con corenta e cinco céntimos (454.288,45 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	318.001,91 €	70
Concello de Meaño	136.286,54 €	30
TOTAL OBRAS	454.288,45 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

A achega do Concello de Meaño será de 136.286,54 € (30 % do importe das obras), e que según consta no documento de compromiso de gasto aportado, se realizará mediante consignación no orzamento 2025 según o acordo adoptado na Sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación, celebrada na data 22.08.2025, de aprobación do EXPEDIENTE 27/2025, modificación orzamentaria crédito extraordinario/ suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesouraría. (exp. 747/2025).

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.



Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello de Meaño.

O Concello de Meaño obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a licitación, dirección, execución e posterior recepción das obras do proxecto de "Humanización e mellora da seguridade vial na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño".*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para existir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de Meaño faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o



alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas en:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local – Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital. Documento asinado e datado dixitalmente,”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



4.35765.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓN NO ÁMBITO SOCIAL PARA O EXERCICIO 2025. (EXPT. 2024081305).

ANTECEDENTES

1º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 31 de xaneiro de 2025, aprobou mediante acordo nº 5.34596 a convocatoria e as bases das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2025 (Expediente nº 2024081305), publicadas no BOPPO nº 27 do 10 de febreiro de 2025.

2º.- Segundo o establecido nas bases reguladoras, a finalidade serán as actividades e os proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2025 dirixidos a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social.

3º.- As subvencións están dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realizar as súas actividades.
- Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.
- Carecer de fins de lucro e ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

4º.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes o pasado 10 de marzo de 2025, rexistráronse un total de 141 solicitudes.

5º.- Conforme a base décimo terceira, a concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrência competitiva.



A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos na convocatoria.

6º.- O órgano instrutor emite informe proposta en data 15 de outubro de 2025 (CSV: TJFAM1IGVBH1N9Z4) no que se recolle a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e no que se detalla o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía (CSV: TDIO321UT2KQ7A0V), e no caso das excluídas, o motivo.

7º.- Con data 16 de outubro de 2025, Intervención emite informe favorable (CSV: YB1JZLBDGOY323VP) sobre a tramitación do expediente, deixando constancia da existencia de crédito dispoñible para facer fronte a este gasto por importe de 500.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 25/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, onde existe crédito autorizado (ARC nº 12025000018164), e indicando que o órgano competente para a concesión das subvencións e disposición do gasto será a Xunta de Goberno, segundo a base 16.2 das aprobadas para a execución do vixente Orzamento Provincial.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento, aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2025



Consideracións xurídicas e técnicas:

1º.- Avaliado o informe proposta, fiscalizado pola Intervención, a Comisión de Valoración, con data 16 de outubro de 2025, emite acta (CSV: JA3W2ES3I1OY682D), na que propón a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas, segundo o seguinte detalle:

“ (...) ”

- 4 entidades desisten da súa solicitude:

- *A través de instancia xenérica, a Asociación Plan Comunitario de Teis traslada que “ (...) reunida a Xunta Directiva o día 03 de marzo de 2025 decídese RENUNCIAR á solicitude de subvención a entidades sin fins de lucro para actuacións no ámbito social 2025 para o proxecto “SOMOS BARRIO, SOMOS TEIS” (...) ”.*
- *A Fundación Provincial Banco de Alimentos expón “ (...) Que con fecha 06/03/2025, y con número de registro WEB2025014837, solicitamos “Subvención dirixida a entidades sen fins de lucro” (...), e solicita “ (...) Que por circunstancias sobrevenidas a posteriori de esa solicitud y ante la posibilidad de otras fuentes de financiación, por medio de la presente DESISTIMOS Y RENUNCIAMOS, a la petición a que hace referencia este escrito (...) ”.*
- *A Asociación Lar Pro Salud Mental de Familiares, Amigos y Enfermos Mentales informa que “ (...) tras haber solicitado, dentro del marco “subvenciones dirigidas a entidades sin fines de lucro para actuaciones en el ámbito social” una subvención para el programa “EmpregaT NA Lareira”, acogiéndonos a la subvención publicada en el BOPPO nº 27 del lunes, 10 de febrero 2025. Les hacemos saber que renunciamos a dicha subvención debido a la incompatibilidad que tiene con otra (...) ”*
- *A Asociación de Maiores de Ponteareas, tras acceder á notificación dun requirimento de documentación con data 23 de setembro de 2025, trasladan telefónicamente que non van a aportar a documentación requirida xa que renuncian á subvención. Finalizado o prazo de subsanación o día 7 de outubro de 2025 sen que se aportase a documentación requirida, tense por desistida da súa petición, de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*

Nº	Nº EXTE	NIF	NOME ENTIDADE
1	2025008264	G36791960	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
2	2025011315	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS
3	2025012862	G36119253	ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL DE FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES
4	2025012606	G36341113	ASOCIACIÓN DE MAIORES DE PONTEAREAS



- 12 solicitudes resultaron excluídas por non cumprir o establecido nas bases reguladoras, segundo o seguinte detalle:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2025012011	G36012128	ASOCIACIÓN JUAN XXIII (Non presentación do proxecto descritivo da actividade para a que solicita subvención-Base décima)
2	2025011322	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO (Non presentación do proxecto descritivo da actividade para a que solicita subvención-Base décima)
3	2025008833	G27820182	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES E MOCIDADE TRANS DE GALICIA ARELAS (Solicitud non presentada mediante o procedemento específico-Base sétima)
4	2025012751	G36730059	ASOCIACIÓN GALEGA DE XOGADORES ANÓNIMOS (Solicitud non presentada mediante o procedemento específico-Base sétima)
5	2025013180	G94061355	ASOCIACIÓN DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDAD Y NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOYO EDUCATIVO DE PONTEVEDRA, ADAHPO-ATDAHYNE (Non cumprir requisitos: base cuarta)
6	2025012591	G56513914	ASOCIACIÓN SON DAS FLORES (Non cumprir requisitos: base cuarta)
7	2025012053	G94074051	ASOCIACIÓN BANCO DE ALIMENTOS RÍAS BAIXAS (Non cumprir requisitos: base cuarta)
8	2025008477	G27852375	ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO (Non cumprir requisitos: bases cuarta, quinta e novena)
9	2025012924	G36591832	ASOC. SOLIDARIDAD SAN ROQUE (Non cumprir requisitos: base cuarta e décima)
10	2025012649	G36242071	FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO (non ser obxecto de subvención o proxecto presentado: bases primeira e quinta)



11	2025008282	G36724524	ASOCIACIÓN ANPA OUTEIRO DO SINO (Non ser obxecto de subvención o proxecto presentado- Bases primeira e quinta)
12	2025012913	G55429922	CEDDD GALICIA (non ser obxecto de subvención o proxecto presentado: base primeira)

- 3 solicitudes quedan excluídas por duplicidade:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2025006326	G15784978	INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR, IGAXES
2	2025012044	G70394374	FUNDACIÓN INGADA
3	2025013182	G94089620	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE ARTRITE DE PONTEVEDRA, ASEARPO

- Das 122 solicitudes valoradas segundo a base décimo segunda: “valoración e criterios de concesión”, unha solicitude queda excluída por non acadar a puntuación mínima:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE
1	2025013193	G94084456	ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE

(...)”.

2º.- Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instructor formulou proposta de resolución provisional (CSV: 8I2RMOSPW5V9KL0 e 56LXL2LX4PWGEQUO) das entidades beneficiarias, das excluídas e da aceptación das desistencias da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social en 2025.

3º.- Con data 22 de outubro de 2025, BOPPO N°202, foi publicado o anuncio da proposta de resolución provisional da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2025, de acordo cos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

4º.- Rematado o prazo outorgado de dez (10) días naturais para formular alegacións á resolución provisional, o resultado é o seguinte:

4.1.- 2 entidades excluídas presentan alegacións:

- Asociación Consejo Español para la Defensa de la Discapacidad y la Dependencia de Galicia – CEDDD Galicia, con NIF G55429922 (Expte. 2025012913)
- Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra, con NIF G94074051 (Expte. 2025012053)



4.2.- 1 entidade presenta renuncia á subvención:

- Dalle Que Dalle Sociedade Cooperativa Galega, con NIF F94096021(Expte. 2025012657)

5º.- Efectuados os axustes derivados das alegacións e renuncia, fórmulase a proposta de resolución definitiva, que contén a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especifica a avaliación dos proxectos e os criterios de valoración empregados, para os 122 expedientes propostos, que figuran como anexo a este informe (RELAC/2025000072), e que supoñen o reparto de 500.000,00 euros con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02.

6º.- Con data 06 de novembro de 2025 intervención emite informe favorable do expediente (CSV: LT7ACKBRSNM0824L).

PROPOSTA DE ACORDO

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para aprobar a concesión de subvencións é a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Admitir as desistencias presentadas:

Nº	Nº EXTE	NIF	NOME ENTIDADE
1	2025008264	G36791960	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
2	2025011315	G36899375	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS
3	2025012862	G36119253	ASOCIACIÓN LAR PRO SALUD MENTAL DE FAMILIARES, AMIGOS Y ENFERMOS MENTALES
4	2025012606	G36341113	ASOCIACIÓN DE MAIORES DE PONTEAREAS

2º.- Aceptar a renuncia presentada pola entidade Dalle Que Dalle Sociedade Cooperativa Galega, con NIF F94096021(Expte. 2025012657).

3º.- Admitir as alegacións presentadas polas seguintes entidades:

- Asociación Consejo Español para la Defensa de la Discapacidad y la Dependencia de Galicia – CEDDD Galicia, con NIF G55429922, (Expte. 2025012913) atendendo a que as actuacións propostas perseguen un interese social na procura da mellora da calidade de vida das persoas pertencentes a un colectivo en situación de vulnerabilidade social como é o das persoas con discapacidade, polo que se entende que o proxecto proposto non incumpe o establecido nas bases reguladoras da convocatoria.



- Asociación Banco De Alimentos Rías Baixas Pontevedra, con NIF G94074051, (Expte. 2025012053) ao considerar xustificado mediante certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria que a entidade atopábase ao corrente das súas obrigas tributarias na data na que o servizo de Benestar Social realizou a consulta cuxo resultado negativo motivou o rexeitamento da solicitude na resolución provisional.

4º.- Aprobar a concesión das subvencións dirixidas a 122 entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, que se detallan a continuación, por un importe total de 500.000,00 euros con cargo á aplicación 25/231.2313.480.02 do vixente orzamento provincial, para o que existe crédito autorizado (ARC nº 12025000018164):

Nº	CONCELLO	NIF	ENTIDADE	PROXECTO	IMPORTE
1	Bueu	G36456317	Asociación Párkinson de la Provincia de Pontevedra	Pontevedra fronte o párkinson	5.364,97 €
2	Cangas	G36380301	Asociación de Persoas Afectadas de Cancro de Mama e Xinecolóxico ADICAM	Seguimos caminando en rosa 2025	5.247,73 €
3	Cangas	G94069416	Asociación Vida Digna Morrazo	Banco de alimentos/roupeiro social	3.974,05 €
4	Cangas	G36204931	Asociación de Caridade Santiago Apóstol	Unidos polo sabor	4.377,42 €
5	Cangas	G94017704	Asociación O Son do Pobo	Apoio, asesoramento e integración socio laboral de persoas en risco de exclusión social	3.775,35 €
6	Cangas	G36592582	Asociación Xuvenil Cultural Staccato	Musicoterapia 2025	3.261,37 €
7	Cangas	G70217500	Asociación Galega de Afectados de Esclerose Lateral Amiotrófica AGAELA	Programa de Información, apoio e asesoramento a persoas con esclerose lateral amiotrófica	5.541,81 €
8	Cangas	G36100071	Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Psíquica ASPAMSIM	Todos somos parte dun mesmo mundo	4.366,82 €
9	Crecente	R3600113I	Colegio Nuestra Señora de Fátima en Crecente Esclavas de la Virgen Dolorosa	Unha historia de medo aberta á comunidade	4.582,74 €



10	Estrada, A	G15483498	Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer AGADEA	Programa de estimulación cognitiva e psicomotriz para persoas con deterioro cognitivo	4.768,86 €
11	Estrada, A	G15983570	Asociación Itinera de Voluntarios en Saúde Mental	Proxecto limes	3.757,47 €
12	Estrada, A	G15747678	Asociación Amicos	Mellora da empregabilidade e inserción socio-laboral para colectivos vulnerables	4.702,63 €
13	Guarda, A	G36298867	Asociación Avelaíña de Axuda ás Persoas con Problemas de Saúde Mental	Activamente 2025	5.545,13 €
14	Guarda, A	G36018802	Asociación San Xerome Emiliani	Respiros inclusión Xerome 2025	4.798,67 €
15	Lalín	G94061421	Asociación de Voluntariado O Mencer	Asociación O Mencer 2025	2.943,45 €
16	Lalín	G36022762	Asociación para la Protección de los Ancianos de Lalín y Comarca	Xincana dos xogos olímpicos	3.987,30 €
17	Lalín	G32187049	Asociación de Familiares y Enfermos Mentales Morea	Integración social de persoas con enfermidade mental grave e as súas familias	3.669,37 €
18	Lalín	G94160355	Asociación Carabelo	Proxecto de apoio integral a familias en situación de risco de exclusión social	3.311,71 €
19	Lalín	G36369494	Asociación Aspadeza	Respiro familiar	3.483,95 €
20	Marín	G36046241	Asociación Rexurdir de Actividades Sociais	Programa de atención a mulleres migrantes	3.610,43 €
21	Mos	R3600131A	Casa Santa María de la Esperanza Esclavas de la Virgen Dolorosa	Proxecto de continuidade de costura. Inclusión e benestar	4.586,05 €
22	Mos	G36161214	Asociación de Discapacitados Físicos e Psíquicos de Mos	Mellora da calidade de vida das persoas usuarias do centro O Son do Regueiro	2.781,84 €



23	Nigrán	G36630572	Centro Juan María. Asociación Esperanza del Valle Miñor	Piscina terapéutica 2025	4.729,12 €
24	Pazos de Borbén	G36870558	Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual de Vigo ASPAVI	Formación laboral no rural: formación en emprego público V	4.062,14 €
25	Ponteareas	G36453728	Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas do Condado e Paradanta	Programa de atención diúrna para persoas con discapacidade	3.571,35 €
26	Ponteareas	G36897247	Dar Máis	Mantemento de servizos e actividades 2025 na Casa da Porteliña	5.530,55 €
27	Pontevedra	G36012128	Asociación Juan XXIII	Vivenda de respiro familiar	3.395,16 €
28	Pontevedra	G36254811	Asociación de Alcohólicos Rehabilitados de Pontevedra	Terapia, integración, asistencia domiciliar e telefónica ás persoas alcohólicas e familias	4.008,49 €
29	Pontevedra	G36053445	Asociación Amizade	Rehabilitación funcional	3.539,55 €
30	Pontevedra	G36150803	Asociación de Discapacitados Intelectuales Virgen de la O	Programa de expresión artística e emocional para a integración e benestar de persoas con discapacidade	4.909,94 €
31	Pontevedra	G27820182	Arelas Asociación de Familias de Menores e Mocidade Trans de Galicia	Transformándonos	3.929,67 €
32	Pontevedra	G55429922	Asociación Consejo Español para la Defensa de la Discapacidad y la Dependencia de Galicia (CEDDD Galicia)	Ponteaccessibilidade	3.225,60 €
33	Pontevedra	G36287787	Asociación de Familiares y Amigos de Enfermos Psíquicos Alba	Taller de cerámica	4.565,52 €
34	Pontevedra	G27802818	Asociación para la Promoción de la Salud Amaina	Intervención en medio penitenciario 2025	3.691,89 €
35	Pontevedra	G36208387	Asociación Rexurdir Provincial	Rexurdir: apoio a procesos terapéuticos para a inserción social	4.735,74 €



36	Pontevedra	G94056215	Asociación Filantrópica Inclusión Social Activa Boa Vida	Aprender facendo	3.775,35 €
37	Pontevedra	G36344950	Federación ASPACE Galicia	Servizo de información e orientación para persoas con parálise cerebral e as súas familias	4.172,75 €
38	Pontevedra	G15665144	Federación Down Galicia	Emprego con apoio: talento profesional de persoas coa síndrome de down e discapacidade intelectual	4.805,95 €
39	Pontevedra	G94153053	Asociación para el Desarrollo Educativo y Cultural	Uniendo fortalezas	4.139,64 €
40	Pontevedra	G94079050	Asociación de Nenas e Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia	Somos tipo 1 Pontevedra	4.702,63 €
41	Pontevedra	G36733046	Fundación Sálvora	Acompáñame, apóíame e aprendo contigo	4.125,13 €
42	Pontevedra	G94086238	Asociación Socio- Sanitaria Enfermedades Inflamatorias Intestinales y Ostomizados	Apoio integral a persoas con enfermidades inflamatorias intestinais e ostomizadas	3.775,35 €
43	Pontevedra	R1500053B	Cáritas Diocesana de Santiago	Necesidades básicas: atención primaria- comedor social 2025	3.961,47 €
44	Porriño, O	G36021970	Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual Aceesca	Ocio centrado na persoa	4.870,20 €
45	Redondela	G09757576	Asociación Cultural e Deportiva Andaina	Programa de educación para a saúde	1.350,00 €
46	Redondela	G36248011	Asociación Lenda de Saúde Mental	Obradoiro de produtos artesáns	3.895,23 €
47	Redondela	G94089620	Asociación de Enfermos de Artrite de Pontevedra	Promoción da autonomía persoal na artrite	1.680,40 €
48	Redondela	G36289064	Asociación Andaina de Persoas con Diversidade Funcional de Redondela	Programa de atención social	4.874,84 €
49	Salceda de Caselas	G36040962	Asociación de Veciños Agrícola e Cultural San Tomé de Parderrubias	Aula sénior	3.589,23 €



50	Sanxenxo	G94074051	Asociación Banco de Alimentos Rías Baixas Pontevedra	Reparto de alimentos a ONG, Cáritas, comedores sociais, asilos, familias/persoas en exclusión social	2.832,84 €
51	Tomiño	G94000379	Asociación Asistencial SOS Tomiño – Baixo Miño	Financiamento dun banco de alimentos para axudar a familias necesitadas	4.172,75 €
52	Tomiño	G36452837	Asociación de Persoas con Discapacidade Vontade	Autonomía e máis 2025	6.292,23 €
53	Tui	G15526148	Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns	Horticultura terapéutica en residencias	4.821,19 €
54	Tui	G94121852	Asociación Párkinson Baixo Miño	Terapia grupal de rehabilitación integral 2025	3.137,51 €
55	Tui	R3600091G	Congregación Hermanas Franciscanas Hospitalarias	Continuidade do taller de musicoterapia	5.113,94 €
56	Valga	G36331114	Asociación de Persoas con Discapacidade dos Vales Ulla-Umia ASDIVALU	Creando, crescendo e poñendo en valor	3.439,54 €
57	Vigo	G79933537	Confraternidad Carcelaria de España	Díálogos restaurativos nos tres centros de Pontevedra	3.947,56 €
58	Vigo	G36730059	Asociación Gallega de Jugadores Anónimos	Sensibilización, formación, información, asesoramento e rehabilitación en adiccións comportamentais	4.272,10 €
59	Vigo	G15614084	Asociación Galega de Lupus	Servizo de información e orientación a persoas con lupus na provincia de Pontevedra	4.490,68 €
60	Vigo	G36427524	Fundación Igual Arte	Deporte e autonomía	3.327,61 €
61	Vigo	G36849883	Asociación Autismo Vigo	Proxecto de equinoterapia para persoas adultas con TEA	3.072,60 €
62	Vigo	F72575616	Arnela Sociedade Cooperativa Galega	Bienquerer	3.626,32 €



63	Vigo	G36802536	Asociación de Ayuda a la Vida AYUVI	Empléate	3.352,81 €
64	Vigo	G72900699	Asociación Peques Azules	Un soño: mellora da calidade de vida e respiro familiar	3.230,24 €
65	Vigo	R3600388G	Misión del Silencio	Cobertura de las necesidades alimenticias a la población vulnerable	3.642,88 €
66	Vigo	G27713379	Fundación Faiben	Proxecto de apoio escolar	2.732,82 €
67	Vigo	G15784978	Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector IGAXES	Competencias familiares	4.278,73 €
68	Vigo	G36880615	Fundación Integra para la Discapacidad Intelectual	Edu-cúdate: programa de salud y seguridad	4.645,00 €
69	Vigo	G36962447	Asociación Párkinson de Vigo	Párkinson sen barreiras	5.033,80 €
70	Vigo	G27727593	Asociación Acción Solidaria de Galicia (ASDEGAL)	Formación para a integración social	3.874,04 €
71	Vigo	G15088396	Asociación Galega de Fibrose Quística	Programa de atención integral e fisioterapia para as persoas con fibrose quística	4.503,92 €
72	Vigo	G27845833	Fundación Amedis	Programa Amedis continua 2025	4.371,46 €
73	Vigo	G27847672	Bicos de Papel Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos no Hospital Álvaro Cunqueiro	Xuntos: programa de mellora da calidade de vida da infancia oncolóxica e as súas familias	4.342,31 €
74	Vigo	G82453606	Fundación Aldaba	Achegándonos	4.305,22 €
75	Vigo	G28256667	Sociedad San Vicente de Paúl en España	Asistencia alimentaria e atención a familias e persoas	3.775,35 €
76	Vigo	G36884708	Asociación Vida Digna	Comedor social	3.576,65 €
77	Vigo	G83625509	Grandes Amigos en Acción	Grandes amigos, luchamos contra la soledad de las personas mayores	4.570,16 €
78	Vigo	G27813906	Asociación de Trastornos do Espectro Autista de Vigo TEAVI	Axúdalle a encaixar	3.987,30€
79	Vigo	G27718907	Asociación Nós Mesmas	A diversidade+	4.395,96 €



80	Vigo	G15220577	Asociación Gallega de Hemofilia	Hemoescola Pontevedra 2025: escola para familias de crianzas con hemofilia	4.087,97 €
81	Vigo	G36938272	Asociación de Niños/as con Hiperactividad y Déficit de Atención ANHIDA	Terapia psicopedagóxica e psicolóxica para persoas con TDAH	5.033,80 €
82	Vigo	G36627453	Asociación Viguesa de Alcohología ASVIDAL	Programa Rede 2025	4.448,95 €
83	Vigo	G70349360	Asociación de Cáncer Infantil y Juvenil de Galicia	Ponte diversa: atención primaria e social con lecer inclusivo no Hospital Álvaro Cunqueiro	4.572,81 €
84	Vigo	G15496607	Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, ATEGAL	Sempre en marcha: corpo e mente en acción	3.520,00 €
85	Vigo	R3600336F	Hogar y Clínica San Rafael	Vivienda tutelada	3.907,82 €
86	Vigo	G36626174	Fundación Casa Caridad Vigo	Comedor de la esperanza	4.835,10 €
87	Vigo	G36622835	Asociación de Personas Sordas de Vigo	Mans que conectan co ocio e a participación, comunidade xorda en acción	3.722,36 €
88	Vigo	G36873511	Asociación de Daño Cerebral de Vigo, Alento	Mellora do Servizo residencial de persoas con dano cerebral adquirido	4.172,75 €
89	Vigo	G36816106	Asociación Viguesa de Esclerosis Múltiple de Pontevedra	Atención psicolóxica para persoas afectadas de esclerose múltiple e o seu entorno	3.944,25 €
90	Vigo	G27707686	Asociación Red Madre Pontevedra	Anxela	4.761,58 €
91	Vigo	G28767317	Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo	Prestación de servizos de atención psicolóxica e social a e ao paciente renal en tratamento de hemodiálise	5.364,97 €
92	Vigo	G36633394	Asociación Centro Xuvenil Abertal	Club de ocio	4.150,23 €
93	Vigo	G36617082	Asociación Centro Cultural Artístico e Recreativo Valladares	Reforzoteca de primaria e ESO	4.238,99 €



94	Vigo	G27704964	Fundación Funditea	Programa de rehabilitación en centro de día no rural para persoas con autismo	3.790,58 €
95	Vigo	G27753367	Fundación Formavigo	Mellora da empregabilidade das persoas en situación de vulnerabilidade na comarca de Vigo	3.531,61 €
96	Vigo	G36620037	Fademga Plena Inclusión Galicia	Servizos de emprego específico para persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento da provincia de Pontevedra	4.000,00 €
97	Vigo	G15048762	Asociación de Colaboración y Promoción del Sordo	Atención integral na rehabilitación auditiva	4.876,82 €
98	Vigo	G36685964	Fundación Menela	Creando oportunidades	5.696,14 €
99	Vigo	G36044295	Asociación Doa Saúde Mental	Programa de apoio e atención na súa contorna a persoas con problemas de saúde mental 2025	4.776,81 €
100	Vigo	G36605905	Asociación a Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX)	Aspanarte	4.216,47 €
101	Vigo	G36925691	Asociación Gallega contra las Enfermedades Neuromusculares ASEM Galicia	Terapias rehabilitadoras dirixidas a persoas cunha ENM na provincia de Pontevedra	3.727,66 €
102	Vigo	G70394374	Fundación Ingada	Somos únicos 2025: fomentando a diversidade e aceptándonos	3.594,75 €
103	Vigo	G27746486	Asociación Xaruma	Naturalmente: respiros familiares, acompañamentos e fomento da vida autónoma	5.166,27 €
104	Vigo	G27813146	Asociación Gallega de Afectados por VIH/SIDA	Autocuídate 3.0	4.172,75 €



105	Vigo	G36837433	Asociación de Mulleres Pedra da Vella	Ludoxogo	3.772,04 €
106	Vigo	G24452435	Fundación Juan Soñador	“Na rúa Vigo” de intervención socioeducativa para infancia, adolescencia e as súas familias	4.723,82 €
107	Vigo	G67116756	Fundación de la Santa Cruz	Tecendo lazos	3.746,87 €
108	Vigo	G27783950	Asociación Diversidades	Benvidas 2025	4.570,16 €
109	Vigo	G15500853	Asociación Dignidad Galicia	Servizos de manutención e lavandaría integrados no programa Albergue-Dignidad	4.055,52 €
110	Vigo	G15551120	Fundación Meniños	Programa “Lecxit, lectura para o éxito educativo”	3.857,48 €
111	Vigo	G70370713	Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares e Enfermidades Oncohematolóxicas, ASOTRAME	Acompañamento integral para pacientes con cancro hematolóxico e as súas familias na provincia de Pontevedra	4.884,11 €
112	Vigo	G36792463	APACAF	Horta ecolóxica e formación laboral para persoas con trastorno do espectro autista	4.483,39 €
113	Vigo	G81454969	Fundación Amigó	Convivindo	4.371,46 €
114	Vilagarcía de Arousa	G36302776	Fundación Lar Pro Salud Mental	Programa de intervención na violencia filio parental	4.154,87 €
115	Vilagarcía de Arousa	G36024941	Asociación de Padres del Centro Os Mecos	Programa para a promoción da autonomía para a vida independente das persoas adultas con TEA	1.048,40 €
116	Vilagarcía de Arousa	G36017929	Fundación Residencia Divina Pastora de Vilagarcía de Arousa	Promoción da calidade de vida dos nosos maiores desde unha atención integral	4.503,92 €
117	Vilagarcía de Arousa	G36296739	Asociación de Disminuídos Psíquicos Con Eles	Mellora da calidade de vida, musicoterapia para persoas con discapacidade intelectual III	4.366,16 €



118	Vilagarcía de Arousa	G94125648	Asociación TDAH Salnés	Obradoiros artístico-pedagóxicos “Ponte nas miñas zocas”	1.260,42 €
119	Vilagarcía de Arousa	G36105567	Asociación Autismo Bata	Programa de apoio en contextos naturais para persoas no espectro do autismo, as súas familias e centros educativos	4.835,10 €
120	Vilagarcía de Arousa	G36479103	Asociación Galega de Linfedema AGL	Programa de fisioterapia para persoas con linfedema, lipedema e IVC	3.881,99 €
121	Vilagarcía de Arousa	G15859911	Fundación Amigos de Galicia	Ponte co emprego	4.461,53 €
122	Vilanova de Arousa	G36116879	Asociación Cultural O Castro de Baión	Intervención sociosanitaria ás persoas maiores da Asociación Cultural O Castro	3.512,40 €

5º.- Desestimar as 14 solicitudes que se detallan a continuación con indicación da súa causa:

Nº	Nº EXPTE.	NIF	NOME ENTIDADE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	2025012011	G36012128	ASOCIACIÓN JUAN XXIII	Non presentación do proxecto descritivo da actividade para a que solicita subvención-Base décima
2	2025011322	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO	Non presentación do proxecto descritivo da actividade para a que solicita subvención-Base décima
3	2025008833	G27820182	ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES E MOCIDADE TRANS DE GALICIA ARELAS	Solicitud non presentada mediante o procedemento específico-Base sétima
4	2025012751	G36730059	ASOCIACIÓN GALEGA DE XOGADORES ANÓNIMOS	Solicitud non presentada mediante o procedemento específico-Base sétima



5	2025013180	G94061355	ASOCIACIÓN DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDAD Y NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOYO EDUCATIVO DE PONTEVEDRA, ADAHPO-ATDAHYNÉ	Non cumprir requisitos: base cuarta
6	2025012591	G56513914	ASOCIACIÓN SON DAS FLORES	Non cumprir requisitos: base cuarta
7	2025008477	G27852375	ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO	Non cumprir requisitos: bases cuarta, quinta e novena
8	2025012924	G36591832	ASOC. SOLIDARIDAD SAN ROQUE	Non cumprir requisitos: base cuarta e décima
9	2025012649	G36242071	FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO	Non ser obxecto de subvención o proxecto presentado: bases primeira e quinta
10	2025008282	G36724524	ASOCIACIÓN ANPA OUTEIRO DO SINO	Non ser obxecto de subvención o proxecto presentado- Bases primeira e quinta
11	2025006326	G15784978	INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR, IGAXES	Duplicidade
12	2025012044	G70394374	FUNDACIÓN INGADA	Duplicidade
13	2025013182	G94089620	ASOCIACIÓN DE ENFERMOS DE ARTRITE DE PONTEVEDRA, ASEARPO	Duplicidade
14	2025013193	G94084456	ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE	Non acadar a puntuación mínima de 40 puntos – Base décimo segunda



5.35766.-

CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025). (EXPTE 2024079739)

ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Plan Provincia Comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247, do 20 de decembro de 2024 (modificadas por Acordo 14.35372), co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- O prazo de presentación de solicitudes rematou o día 17/03/2025 e nese prazo, un total de 301 asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra presentaron as correspondentes solicitudes.

Terceiro.- Posteriormente procedeuse a requirir ás asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra a emenda dos erros, defectos ou omisións emendables detectados nas súas solicitudes, segundo o previsto nas bases 7ª e 10ª, con expresa advertencia de que no caso de non emendar as faltas ou omisións teríanse por desistidos das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cuarto.- Incorpóranse aos expedientes de solicitude os informes dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados e que cumpren os criterios que se deben ter en conta segundo as bases.

Quinto.- Á vista da documentación achegada polas entidades solicitantes, propónse excluír as solicitudes relacionadas do Anexo II, ao non axustarse ás bases reguladoras da convocatoria do Plan Provincia Comunitaria 2025.

Sexto.- De acordo coa base 5ª, modificada na Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 23 de xuño de 2025, o financiamento do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra “Plan Provincia Comunitaria 2025” ascende a dous millóns trescentos cincuenta mil euros (2.350.000,00) , financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2025, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.



Sétimo.- Segundo a base 6ª o procedemento de concesión é concorrencia competitiva , aplicando os criterios e baremos para a valoración sinalados na devandita base. Dado que todas as entidades que compren requisitos obteñen subvención, non foi preciso aplicar criterios de valoración das solicitudes nin é necesario formar unha lista de agarda, xa que non se esgota todo o crédito dispoñible para financiar o presente plan.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Vilanova de Arousa relativa ao financiamento do investimento denominado “Renovación do céspede artificial no campo de fútbol S.D. Chispa” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 139.294,60 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Vilanova de Arousa*, CIF P3606100J, a cantidade de 139.294,60 € con destino ao financiamento do investimento “Renovación do céspede artificial no campo de fútbol S.D. Chispa” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 216.116,32 €.

O financiamento complétase cunha axuda concedida pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia por importe de 76.821,72 €.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 189, de 03/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



7.35768.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA
SUBMINISTRACIÓN DE LICENZAS PARA O SOFTWARE IBM FILENET
CONTENT MANAGER DA DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2025065257).

A Deputación de Pontevedra ven utilizando o sistema IBM Filenet Content Manager desde o ano 2013 como ferramenta clave na xestión documental e de contidos corporativos. No ano 2025, a evolución tecnolóxica do produto fixo imprescindible unha actualización profunda que requiría un cambio completo na arquitectura da ferramenta.

Ante esta situación, considerouse necesario acometer en primeiro lugar a instalación da nova contorna da versión actualizada do produto, así como a migración dos datos e configuracións existentes. Esta decisión respondeu á necesidade de contar cunha contorna real e actualizada que permitise avaliar con precisión o alcance técnico e funcional da nova arquitectura.

Unha vez finalizada con éxito a actualización e implantación da nova contorna, dispúxose da información necesaria para levar a cabo a correspondente licitación pública orientada á contratación das licenzas requiridas para o uso legal do produto, así como para garantir o acceso aos servizos de soporte e mantemento oficiais por parte do fabricante.

Polo tanto e para que a Deputación de Pontevedra poida realizar as súas funcións administrativas e técnicas e deste xeito prestar un servizo á cidadanía e institucións no marco das súas competencias segundo o art. 36 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, precisa contratar a subministración de licenzas para o software IBM FileNet Content Manager, de acordo coas indicacións establecidas polo fabricante do produto.

Non existe actualmente unha solución dispoñible para a súa reutilización total ou parcial. Realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) sendo o resultado infrutuoso: <https://administracionelectronica.gob.es/ctt/solucionesTodas.htm?paginacion=L#.YUHYqJ0zaUk>

A presente contratación non é posible realizala mediante o sistema de contratación centralizada do Ministerio de Facenda xa que na actualidade a Deputación de Pontevedra non está adherida a ningún acordo marco que contemple este tipo de software tan específico.

Dado que a Deputación non conta cos medios materiais e humanos para levar a cabo esta subministración, é necesario acudir a unha contratación externa, xa que é un produto moi específico, mediante a cal os diferentes distribuidores (partner) poderán acceder á licitación pública para a presentación de ofertas por medios electrónicos.



En base ao exposto, con data 30/09/2025, o Xefe do servizo de Novas tecnoloxías a dita providencia de inicio co (csv WGR1A74F4CAERGNX) pola que propón iniciar a contratación da subministración de licenzas para o software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo de tres anos a partir de período de entrega das licenzas, e un orzamento base de licitación, 172.448,43€, 21% de IVE engadido.

Tendo en conta que, con data, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con CSV VDS3WV7WTEW961OH.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto que, a Intervención informa que na aplicación 25/926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte ao gasto do exercicio 2025, (57.482,81 €). Respecto ás anualidades 2026 e 2027 contabilizarase nas correspondentes aplicacións que serán, no seu caso, a 26/926.9260.206.00 (57.482,81€) e 27/926.9260.206.00 (57.482,81€) quedando condicionado o gasto á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos, o cal se sinala expresamente no prego de cláusulas administrativas.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 17/10/2025, e as observacións contidas no mesmo co csv FXV7JUJNAPMGVFAF.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 3/11/2025, co csv 5Q9UG3D9A4I86GBK, no que se recollen as seguintes observacións:

“Polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2015 foi aprobada a adhesión da Deputación ó sistema de contratación centralizada estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a contratación de servizos e subministracións. Segundo consta na providencia de inicio do expediente sinalase que: “A presente contratación non é posible realizala mediante o sistema de contratación centralizada do Ministerio de Facenda xa que na actualidade non está en vigor ningún acordo marco que contemple este tipo de licenzas tan específicas”. CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións sinaladas, infórmase favorablemente o expediente.”

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación,



ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da Subministración de licenzas para software IBM filenet content manager da Deputación de Pontevedra.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o 21% de IVE) ascende á cantidade de 172.448,43 €.

O prazo de duración é de tres anos a contar desde a data de entrega das licenzas.

O valor estimado ascende a cantidade de 142.519,36€

2.-Autorizar o gasto por importe de 172.448,43 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/926.9260.206.00	57.482,81 €
2026	26/926.9260.206.00	57.482,81 €
2027	27/926.9260.206.00	57.482,81 €
	Total	172.448,43€

O importes correspondentes ás anualidades 2026 e 2027 quedarán condicionados a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

3-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: N67VP9H77CANK1IP) e de prescricións técnicas (CSV: AR3K5SP7P7NKE4VJ) que rexerán contratación.

4- Nomear como responsable do contrato ao xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

5- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



8.35769.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO
DE DESENVOLVEMENTO, IMPLANTACIÓN, MANTEMENTO E
SOPORTE DUN AXENTE CONVERSACIONAL BASEADO EN
INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A PÁXINA WEB DO BOPPO DA
DEPUTACIÓN. (EXPTE. 2025054380).

A Deputación de Pontevedra, no marco do seu proceso de modernización administrativa e dixitalización dos servizos públicos, e consecuentemente co artigo 36 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, asume como necesaria a mellora no uso da información publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), especialmente por parte da cidadanía e do tecido profesional vinculado á administración pública.

A idoneidade da actuación vén, polo tanto, determinada pola confluencia de varios factores de oportunidade:

- A existencia dunha demanda cidadá crecente de servizos máis áxiles, personalizados e dispoñibles en tempo real.
- A localización máis rápida e precisa de disposicións e anuncios, mediante preguntas formuladas en linguaxe natural.
- A explicación contextualizada e simplificada do contido normativo, facilitando a súa interpretación por parte de cidadáns sen formación xurídica.
- A acción pro activa de reducir as barreiras de acceso á información oficial.

En base ao exposto, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emite providencia de inicio , co visto e prace do deputado Delegado en materia de Novas Tecnoloxías e Contratación, pola que se propón a contratación dun servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional intelixente para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra, tendo en conta ademáis que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo.

O contrato proposto ten un prazo de duración de 2 anos desde a formalización do contrato , coa posibilidade de unha prórroga de 2 anos de duración soamente con respecto ao servizo de soporte e mantemento . O orzamento base de licitación é de 175.791,85 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 06/10/2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos,.. o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 06/10/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data .09/10/2025.



Visto que con data 10/10/2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 05/11/2025.

Visto que pola Intervención infórmase que nas aplicacións 2025/926.9260.641.00.2024 e 2025/926.9260.641.00 do vixente orzamento provincial, existe consignación adecuada e suficiente para facer fronte ó gasto do servizo de desenvolvemento e implantación do axente conversacional. Respecto ás anualidades 2026 e 2027, o gasto quedará condicionado á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán no seu caso, a 2026/926.9260.227.23 (11.381,47 €- soporte e mantemento) e a 2027/926.9260.227.23 (11.381,46 €- soporte e mantemento).

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de desenvolvemento, implantación, mantemento e soporte dun axente conversacional intelixente para a páxina web do BOPPO da Deputación de Pontevedra.

O prazo de duración será de 24 meses , contados desde a data de formalización do contrato.



Establecese a posibilidade de unha prórroga de 2 anos de duración soamente con respecto ao servizo de soporte e mantemento.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 175.791,85 € euros. O valor estimado é de 198.366,66 €.

2.- Aprobación dos pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: XNQ3ABSQU87AOPVA) e de prescricións técnicas (CSV: G235HSLUHWU9KGT) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polos seguintes importes e de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/926.9260.641.00.2024	86.800,00€
2025	25/929.9260.641.00	103.145,21 €
2026	26/926.9260.227.23 (10m)	11.381,47 €
2027	27/926.9260.227.23 (10m)	11.381,46 €
TOTAL		212.708,14 €

Os importes correspondentes aos exercicios 2026 e 2027 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente neles. A distribución por anualidade poderá sufrir variacións en función da data de formalización do contrato.

4.- Nomear responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

9.35770.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO
NÚMERO 44/2025 POR IMPORTE DE 180.000,00 EUROS. (EXPTE.
2025073423)

A Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación, a través de escrito de asinado con data, 5 de novembro de 2025, pon de manifesto que é necesario incrementar a dotación orzamentaria nas aplicacións que se detallan a continuación, para afrontar o pago das nóminas do persoal funcionario e interino sen praza no que resta do ano 2025, motivo polo que propón a tramitación, ao abeiro do establecido no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e bases de execución do vixente orzamento provincial, dun expediente de transferencia de crédito, por importe global de 180.000,00 euros, co seguinte detalle en canto das aplicacións propostas para minorar e incrementar o seu crédito, así como o seu importe, e que son as seguintes:



Aplicación que minora crédito	Importe	Aplicación que incrementa crédito
25/333-3330-121.01	12.000,00 €	25/340-3400-120.05
25/456-4530-121.01	150.000,00 €	25/457-4500-121.01
25/931-9310-121.01	18.000,00 €	25/942-9420-121.51
TOTAL	180.000,00 €	

Resultando que a Intervención emite informe con data 6 de novembro de 2025, no que deixa constancia de que a proposta que efectúa a Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación para realizar este expediente de transferencia de crédito por importe global de 180.000,00 euros, cumpre os requisitos previstos na normativa aplicable, e dicir, as variacións de crédito propostas non afectan a créditos nados como consecuencia de ampliacións nin expedientes de crédito extraordinario concedidos durante o exercicio, e non se minoran créditos que fosen incrementados con suplementos, transferencias, ou incorporados como remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados, ou, de selo, afectan a créditos de persoal, aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas ou veñen provocados por reorganizacións administrativas.

Resultando que pola Intervención comprobouse a existencia de crédito dentro das seguintes aplicacións orzamentarias que minoran o seu crédito polos seguintes importes:

Aplicacións que minoran crédito	Importe	Documento RC_MOD
25/333-3330-121.01	12.000,00 €	12025000207575
25/456-4530-121.01	150.000,00 €	12025000207577
25/931-9310-121.01	18.000,00 €	12025000207580
TOTAL	180.000,00 €	

Considerando o establecido nos artigos 179,180 e concordantes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (T.R.L.R.H.L.), así como nos artigos 40,41, 42 e concordantes do Real decreto 500/90 de 20 de abril e nas Bases nº 7 e 10 de execución do vixente orzamento provincial

Considerando que o órgano competente para aprobar o expediente é a Xunta de Goberno por tratarse de transferencias de crédito de persoal xestionados por centros xestores distintos (Base 10ª apartado. 3.d).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 44/2025 por importe total de cento oitenta mil euros (180.000,00 €), minorando e aumentando o crédito nos importes e nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:



APLICACIÓNS QUE MINORAN CRÉDITO

CÓDIGO APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/333-3330-121.01	Complemento específico, persoal funcionario_Museo	12.000,00 €
25/456-4530-121.01	Complemento específico, persoal funcionario Infraestruturas	150.000,00 €
25/931-9310-121.01	Complemento específico, persoal funcionario Intervención	18.000,00 €
	TOTAL.....	180.000,00 €

APLICACIÓNS QUE AUMENTAN CRÉDITO

CÓDIGO APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/340-3400-120.05	Sueldo, grupo E, persoal funcionario Deportes	12.000,00 €
25/457-4500-121.01	Complemento específico, persoal funcionario Arquitectura	150.000,00 €
25/942-9420-121.51	Complemento de destino, persoal interino sen praza Cooperación	18.000,00 €
	TOTAL.....	180.000,00 €

10.35771.- ADMISIÓN DAS EMPRESAS QUE SOLICITAN PARTICIPAR NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR SERVICIOS DE DISEÑO, MAQUETACIÓN, IMPRESIÓN, ENCUADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE PUBLICACIÓNS E ELEMENTOS DIVULGATIVOS. (EXPTE. 2025050606)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2025, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación dos “Servizos de deseño, maquetación, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos”.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 23 de setembro de 2025, aparecendo publicado o día 24 de setembro de 2025 (Número de publicación do anuncio 622802-2025; número da edición do DO S: 183/2025); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de setembro de 2025, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.



Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade. As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

1. Agencia Gráfica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Bolfer, S.L. (NIF: B36004943)
4. C&S Diseño y Publicidad Deza, S.L. (NIF: B36476513)
5. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
6. Imprenta Online, S.L. (NIF: B99374266)
7. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
8. Publiprinters Global, S.L. (NIF: B23739493)
9. Táktika Comunicación, S.L. (NIF: B36852846)
10. Tintura Dixital, S.L. (NIF: B10713485)

Unha vez avaliada a documentación presentada por cada unha das empresas na solicitude de adhesión obsérvase que:

- A empresa C&S Diseño y Publicidad Deza S.L. (NIF: B36476513) achega unha relación dos servizos realizados, pero non presenta a documentación acreditativa que permita xustificar os mesmos, polo que non queda acreditada a solvencia técnica.
- A empresa Tintura Dixital, S.L. (NIF: B10713485) achega unha relación dos servizos realizados acompañada dunha serie de facturas. No obstante, tras cotexar as facturas coa información recollida na citada relación, obsérvase que existen discrepancias entre varios dos importes indicados e os que figuran nas facturas correspondentes (a modo de exemplo, podemos citar as facturas número A/4, A/2, A/19 e A/25), polo que non queda acreditada a solvencia técnica.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o día 6 de novembro de 2025 acordou non admitir ás empresas C&S Diseño y Publicidad Deza S.L. (NIF: B36476513) e Tintura Dixital, S.L. (NIF: B10713485), por non cumprir os criterios de selección establecidos no prego. Así mesmo, acordou seleccionar ás empresas Agencia Gráfica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920), Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Bolfer, S.L. (NIF: B36004943), Grafo, S.A. (NIF: A48203996), Imprenta Online, S.L. (NIF: B99374266), Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871), Publiprinters Global, S.L. (NIF: B23739493) e Táktika Comunicación, S.L. (NIF: B36852846) por ter acreditado que cumpren cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas correspondentes categorías, segundo a súa solicitude, do Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos.



Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de si foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Non admitir ás empresas C&S Diseño y Publicidad Deza S.L. (NIF: B36476513) e Tintura Dixital, S.L. (NIF: B10713485) por non cumprir os criterios de selección establecidos no prego.
2. Admitir ás empresas que se relacionan a continuación en cada unha das categorías do Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación dos servizos de deseño, maquetación, impresión, encuadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos:

Categoría I: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Bolfer, SL (NIF: B36004943)
3. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
4. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
5. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
6. Táktika Comunicación S.L. (NIF: B36852846)

Categoría II: Preimpresión, impresión e encadernación de publicacións e elementos divulgativos.

1. Agencia Grafica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Bolfer, SL (NIF: B36004943)
4. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
5. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
6. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
7. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
8. Táktika Comunicación S.L. (NIF: B36852846)

Categoría III: Deseño, maquetación, composición, preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
2. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
3. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
4. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
5. Táktika Comunicación S.L. (NIF: B36852846)

Categoría IV: Preimpresión, impresión, encadernación e distribución de publicacións e elementos divulgativos

1. Agencia Grafica Gallega, S.L.U. (NIF: B15255920)
2. Artes Graficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703)
3. Grafo, S.A. (NIF: A48203996)
4. Imprenta Online S.L. (NIF: B99374266)
5. Producciones Mic, S.L. (NIF: B24301871)
6. Publiprinters Global S.L. (NIF: B23739493)
7. Táktika Comunicación S.L. (NIF: B36852846)



3. As empresas admitidas deberán formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

4. O SDA terá unha duración dun ano, a contar desde o 1/01/2026 ou desde a data de formalización do primeiro contrato, se esta fora posterior.

Establécese a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada una delas.

11.35772.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4001 DENDE O P.Q. 0+810 ATA O P.Q. 1+710 (CONCELLO DE PONTEAREAS)-PRTR”. (EXPTE. 2024078759)

Resultando.- Que a estrada EP – 4001, cuxa titularidade pertence á Deputación de Pontevedra, ten unha lonxitude total de 8.150 metros e discorre integramente polo concello pontevedrés de Pontearreas.

Resultando.- Que o treito da estrada EP – 4001 desde o P.Q. 0+810 ata o P.Q. 1+710, localízase entre o núcleo urbano de Pontearreas, desde a intersección coa rúa de acceso ao IES Pedra da Auga, e o núcleo rural de A Gaiosa, na parroquia de Fontenla, cubrindo uns 900 metros. Este tramo atópase nun entorno urbanizado con edificacións e peches en ámbalas marxes da vía, pero presenta as características dunha estrada rural. Conta cunha sección de 6,00 metros de ancho medio e dous carrís de circulación. Dispón de beirarrúas só nos primeiros 130 metros do percorrido.

Resultando.- Que compre realizar actuacións que dean prioridade ao tráfico peonil, incrementando o espazo ocupado polas beirarrúas e creando zonas de convivencia cando o ancho das mesmas non permita o cumprimento das condicións de accesibilidade. Así mesmo, cómpre incrementar a seguridade da estrada con pasos de peóns elevados e redutores físicos de velocidade como ferramentas de calzado do tráfico rodado. En definitiva, actuacións que permitan unha contorna segura tanto para os cidadáns como para os visitantes. En aras da mellora da eficiencia enerxética nos servizos, cómpre a renovación do alumeadado do tramo substituíndo o actual por tecnoloxía LED.

Resultando.- Que o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España é unha folla de ruta para a modernización da economía española, a recuperación do crecemento económico e a creación de emprego. O citado Plan inclúe investimentos e un amplo conxunto de reformas estruturais que se interrelacionan e retroalimentan para lograr catro obxectivos transversais: avanzar cara a unha España máis verde, máis dixital, máis cohesiónada desde o punto de vista social e territorial e máis igualitaria



Resultando.- Que no PRTR, como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (14.I1), Os Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD) son concibidos como proxectos que permiten ás entidades locais configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sostibilidade turística, no exercicio das súas competencias a través das actuacións previstas nos catro eixes previstos na Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos: transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e a competitividade dos destinos.

Resultando.- Que no marco da convocatoria extraordinaria, a Deputación de Pontevedra presentou o "Plan de Sostibilidade Turística en Destino Condado - Paradanta – Unha Terra entre Ríos" (PSTD Condado Paradanta, en adiante). A súa concesión foi ratificada a través da Resolución do 4 de xaneiro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo.

Resultando.- Que o PSTD Condado-Paradanta prevé dispoñer dunha estratexia de turismo sostible como ferramenta de dinamización territorial que permita dar profundidade, calidade e variedade á oferta, activando recursos culturais e naturais, e mellorando a calidade das experiencias en destino.

Resultando.- Que o Servizo de Turismo traslada ao Servizo de Infraestruturas a necesidade do acondicionamento da estrada EP-4001 ó longo duns 900 metros, entre o núcleo urbano de Pontearreas e o núcleo rural de A Goiasa, co finde mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade tanto para o tráfico rodado como peonil.

Resultando.- Que o proxecto de mellora da mobilidade peonil concíbese como elixible enmarcado na actuación 4 do eixe 2 do PRTR que recolle as actuacións de mitigación do cambio climático, actuacións dirixidas a reducir a enerxía necesaria para proporcionar produtos e servizos turísticos, limitando a contaminación por carbono e estimulando a transición cara á enerxía renovables, así como accións de mobilidade sostible.

Resultando.- Que Sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola, enxeñeira Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de construción “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”, cun orzamento base de licitación de 729.230,06 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: KCAAP1MK0HG4QT67.

Resultando.- Que con data 18/02/2025 formalizouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontearreas, convenio de colaboración para levar a cabo a execución da Actuación 4 “Plan Integral de Mobilidade en Destino” no marco do eixo 2 “Eficiencia enerxética”- Proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)” no marco do PRTR compoñente 14- Plan de Sostibilidade Turística en Destino”, do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.



Resultando.- Que recolle o citado convenio que na súa cláusula 4 que será obriga de Deputación de Pontevedra, licitar, adxudicar, executar e recibir os traballos na memoria descritiva do proxecto.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Turismo e a Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000005309 por importe de 336.544,04 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/4456.4530.612.02.2021 dentro do proxecto de gasto código nº 92210005, pola achega de Deputación e documento RC número 12025000206759, por importe de 392.686,02 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02 dentro do proxecto de gasto código nº 92210005, polas cantidades restante correspondente co gasto financiado polo PRTR e o Concello de Pontearreas.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/11/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)”, redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 729.230,06 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: KCAAP1MK0HG4QT67.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: UOPWEE5U9BTZJ1YI informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Cómpre a aprobación do proxecto no que se describen as actuacións obxecto do presente expediente...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: A95WP7C74LAIS4S9 informe de fiscalización do expediente no que se recolle o seguinte: “...Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. 4.- Considerando a porcentaxe de cofinanciamento da contratación proposta con fondos Next Generation EU e o prazo de execución do contrato, advértese do claro risco de incumprimento das condicións establecidas na resolución de concesión da axuda da Secretaría de Estado de Turismo e da perda da subvención europea xunto cos prexuízos económicos que suporía para esta Administración, polo lo que este tipo de expedientes que contan con financiación europea deben tramitarse cunha maior anticipación...”



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Pontearreas)*” cun orzamento base de licitación de 729.230,06 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	602.669,47 €
IVE (21%).....	126.560,59 €
Importe Total.....	729.230,06 €



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): BOE8HY6RWL9VH26E, e de prescricións técnicas con código (CSV) KCAAP1MK0HG4QT67, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 729.230,06 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/456.4530.612.02.2024 e 25/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

12.35773.- CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2025. (EXPTE. 2024083214).

1. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025 acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrência competitiva, para o “FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2025”.

As bases reguladoras das subvencións e o extracto foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 39, de 26 de febreiro de 2025 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO.

O 20 de outubro de 2025 o órgano instrutor do procedemento emite informe ao respecto.

O 23 de outubro de 2025 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

O 24 de outubro de 2025 a Comisión de Valoración, á vista dos antecedentes e de conformidade co informe do órgano instrutor efectúa a valoración das solicitudes admitidas, previa exclusión dos beneficiarios que non cumpren cos requisitos da convocatoria.



O día 24 de outubro de 2025 o órgano instrutor do procedemento emite Proposta de Resolución provisional a todos os interesados concedéndolle un prazo máximo de 10 días para presentar alegacións segundo o establecido no punto 12 das bases reguladoras. Transcorrido dito prazo non consta ningunha alegación ou renuncia por parte das persoas interesadas.

O 11 de outubro 2025 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- No relativo ao réxime xurídico:
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente o informe do órgano instrutor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda:

1. Estimar as seguintes solicitudes e conceder as subvencións por importe total de 100.000,00 €, que deberán imputarse á aplicación 25/433.4320.489.01 co detalle que figura a continuación:



EXPEDIENTE	NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITUDE	VALORACIÓN	IMPORTE ASIGNADO SUB.	% ORZAMENTO
2025018538	G36039121	CLUB DE TENIS PONTEVEDRA	LXXXVI CAMPEONATO GALLEGO ABSOLUTO DE TENIS Y FASE FINAL DEL CIRCUITO HEAD	16.353,00 €	6.541,20 €	63	5.762,99 €	35,24%
2025018531	G27033737	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA	XXV CAMPIONATO GALEGO JÚNIOR, XUVENIL, CADETE, INFANTIL E ALEVÍN DE PRAIA DE SALVAMENTO	19.479,34 €	8.840,00 €	63	5.762,99 €	29,59 %
2025017982	G27726033	CLUB DEPORTIVO HIPICO EQUIGALIA	CST EQUIGALIA 2025	23.550,00€	9.000,00 €	25	2.286,90 €	9,71 %
2025018524	G36039808	SOCIEDAD DEPORTIVA SAMERTOLAMEU	REGATA DA LIGA GALEGA DE TRAIÑEIRAS 2025	4.940,09 €	1.976,03 €	59	1.976,03 €	40%
2025018523	G36199073	REDONDELA FUTBOL SALA FS	XLVI MUNDIALITO DA XUNQUEIRA	7.216,80 €	2.885,00 €	30	2.744,28 €	38,03
2025018534	G02641322	ASOCIACION DEPORTIVA PLAN C	MARCHA CICLOTURISTA, CLASICA ALVARO PINO	21.411,00 €	9.000,00 €	42	3.841,99 €	17,94%
2025018862	G36690832	FEDERACION GALLEGA DE BALONMANO	XIRA GALEGA DE BALONMAN PRAIA	55.208,29 €	9.000,00 €	59	5.397,09 €	9,78 %



2025012028	G36367662	CLUBE BADMINTON AS NEVES	VII TTR AS NEVES VILA DO REQUEIXO E MEL	2.573,83 €	1.500,00 €	35	1.029,53 €	40 %
2025018596	G36623346	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	50 TROFEO CONDE DE GONDOMAR	30.735,00 €	9.000,00 €	65	5.945,94 €	19,35 %
2025012026	G27802388	TUMETAPERSONAL	XV TRAVESIA A NADO COSTA SERENA-GRAN PREMIO CONCELLO DE NIGRAN	25.453,33 €	6.400,00 €	47	4.299,38 €	16,89 %
2025017995	G27769397	SOCIAL CICLISMO FAN MANAGER	A GRAN BIKEDADA	15.762,87 €	3.136,46 €	55	3.136,46 €	19,90 %
2025018851	G04953576	ASOCIACIÓN EDUCATIVA E SOCIOCULTURAL SPORTSKIDS	II MINIDH VILA DO CORPUS	5.206,61 €	2.600,00€	43	2.082,64 €	40%
2025018848	G36059202	AGRUPACION DEPORTIVA CORTEGADA CARRIL VILLAGARCIA	FASE ASCENSO LIGA CHALLENGE	22.900,00 €	9.000,00 €	73	6.677,75 €	29,16 %
2025018608	G21792502	ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL GALAICA	GLADIATOR RACE PONTEVEDRA 2025	22.990,00 €	9.000,00 €	70	6.403,32 €	27,85 %



2025016462	G36847861	ASOCIACION EMPRESARIAL INDUSTRIALES Y COMERCIANTES ZONA DE TRAVIESAS VIGO AETRAVI	CARRERA NOCTURNA CORRENDO POR VIGO	18.729,75 €	6.366,72 €	47	4.299,38€	22,95 %
2025018083	G36022572	CIRCULO CULTURAL DEPORTIVO SANXENXO	XVII TORNEO INTERNACIONAL DE TENIS CADETE	35.410,70 €	9.000,00 €	83	7.592,54 €	21,44 %
2025018224	G36612752	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	62 EDICIÓN REGATA RÍAS BAIXAS	42.000,00 €	9.000,00 €	30	2.744,28 €	6,53 %
2025014298	G36040764	FEDERACION GALLEGA DE PIRAGUISMO PONTEVEDRA	VI CAMPEONATO DE ESPAÑA DE MARATON CORTO/COPA ESPAÑA DE MARATON	14.961,50 €	5.984,60 €	69	5.984,60 €	40 %
2025018598	G70923586	CLUB SERENDIPIA	I CAMPEONATO IBÉRICO DE FÚTBOL PRAIA	10.900,00 €	5.000,00 €	26	2.378,38 €	21,82 %
2025018853	G36311363	CLUB NATACION PONTEAREAS	IX TRAVESIA VILA DO TEA	16.220,09 €	6.488,00 €	50	4.573,80 €	28,20%
2025018847	G36031292	A.D. CULTURAL DORNA	REGATAS DORNAS A VELA 2025	2.289,32 €	915,73 €	30	915,73 €	40%



2025017996	G36186542	CLUB DEPORTIVO RIBADUMIA	V COPA RIBADUMIA CLAE VIAJES. TORNEO SUB 10 Y SUB 14 INTERNACIONAL	28.878,00 €	9.000,00 €	60	5.488,56 €	19,01 %
2025018013	G36261410	ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE CABALLOS ESPAÑOLES DE GALICIA	XI EQUINA/GALICIA - SALÓN INTERNACIONAL DLE DEPORTE, TURISMO Y OCIO ECUESTRE	38.998,30 €	9.000,00 €	68	6.220,37 €	15,95%
2025018001	G36029908	C.KAYAK TUDENSE	- 14 DESCENSO POPULAR DO MIÑO	8.455,07 €	2.455,07 €	30	2.455,07 €	29,04 %

2. Desestimar ou ter por desistidas as seguintes solicitudes:

EXPEDIENTE	NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	PUNTUACIÓN	MOTIVO EXCLUSIÓN
2025018517	G27875707	ASOCIACION CAVI	CAMPEONATO DE ESPAÑA DE AUTOMODELISMO	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025018841	G36981140	BAINA FUTBOL SALA	ORGANIZACIÓN TORNEO VILA DE BAIONA	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN



2025018856	G44551182	RAZA PALLERIA	I GALICIA O'MEETING - TROFEO DO VAL MIÑOR	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025018614	76817915P	JOSE RAMON	OLIMPIADA ACUATICA	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025018575	G94185964	CLUB NUMERO PHI	CAMPEONATO PROVINCIAL ESCOLAR-FREESTYLE/TECNICA/EXHIBICION	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025018573	G27868926	ASOC SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA LA 21	MEDIA MARATON DE VIGO LA 21 2025	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025017956	G44659811	ASOC WEST COAST SWING GALICIA	AROUSA WESTIE FEST 2025	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025018305	G36680239	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	EVENTO DEPORTIVO: CIRCUITO 3X3 RIAS BAIXAS - HOCKEY PATÍNS	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025018302	G13821590	ASOCIACION ASALTAMONTES FEMALE	III CARRERA TRAIL FEMENINA POR EQUIPOS Y RELEVOS - ASALTAMONTES FEMALE	Sen valorar	DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA: NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN
2025018080	G06911556	ASOC CULTURAL REGO BICOSAN DE CAMPOSANCO	II TRAIL O SOLPOR 2025	11	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA (25 PUNTOS)
2025018529	G36457901	CORNELIOS	XI DESAFIOIA, CARREIRA DE MONTAÑA INCLUIDA DENTRO DA COPA XUNTA DE GALICIA DE CXM	20	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA (25 PUNTOS)



2025012006	G56530397	THE PAWS BY PATAS	DUAS PROBA DA LIGA AUTONOMICA DE AGILITY DA FEDERACION GALEGA DE CAZA	Sen valorar	ACTIVIDADE SUBVENCIONADA, NO MESMO EXERCICIO, A TRAVÉS DOUTRA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
2025018227	G15771777	ASOCIACION DE PADRES, MADRES, PROFESIONALES Y AMISTADES DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL SPECIAL OLYMPICS GALICIA	MARCHA CICLISTA UNIFICADA, VILAGARCIA 2025	10	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA (25 PUNTOS)
2025018218	G36462869	ASOCIACION CULTURAL A CROA	II ANDAINA SOLIDARIA DA ASOCIACIÓN CULTURAL A CROA	10	NON ACADAR A PUNTUACIÓN MÍNIMA (25 PUNTOS)
2025018837	G01856996	CLUB BALONMAN POIO ARTAI BALONMAN POIO-ARTAI	FINAL 4 1ª AUTONOMICA BALONMAN	Sen valorar	PRESENTAN RENUNCIA
2025018297	G27817444	ASOC. SOCIOCU. Y DEPORTIVA SINERGIAS 360	DESAFIO BOOT CAMP 2025	Sen valorar	PRESENTAN RENUNCIA



13.35714.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SETGA, S.L. (B-36.699.064), PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO Á ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA MELLORA DE ALUMEADO PÚBLICO (CONCELLO DE SILLEDA) R11S3. (EXPTE. 2013005007)(DEVOGARÁN 2016008543)

Por acordo adoptado pola da Xunta de Goberno, número 20.22022, celebrada en sesión ordinaria, de data 25 de abril de 2014, adxudicouse, mediante procedemento aberto as *"Subministracións do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra (PID 2012), 11ª relación de proxectos"*. (Núm. Expte. 2013005007)

Para garantir a correcta execución do "subministro 3" dos que estivo composto este contrato, a entidade mercantil SETGA, S.L. (CIF.- B-36.699.064), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
SETGA, S.L. (B-36.699.064)	1.001,61€	2014000031281	24/03/2014

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- SHCNC8WEKM2Z9PMF), no cal sinala que *"(...) Finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida, obsérvase que o servizo correspondente non comunicou ningún vicio ou defecto (...), polo que, (...) procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devolta xustificadamente."* (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- CRLQLTTQYVRTW4FO), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil SETGA, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de *"Subministracións do plan de investimentos da Deputación de Pontevedra (PID 2012), 11ª relación de proxectos (Subministro 3)"* (Núm. Expte. 2013005007), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil SETGA, S.L. (B-36.699.064), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:



- o A constituída en valores, mediante aval emitido pola entidade BANCO PASTOR, S.A. (*Inscrito no Rexistro Especial de Avals co núm. 08104-01732*), por importe de mil un euros con sesenta e un céntimos (1.001,61 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 24/03/2014, segundo orde e constitución de valores *número 12024000029927 (Carta de Pago número 201400031281)*.

14.35775.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA NAROM, S.L. (B-36.163.418), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9306 COBAS-PADRENDA, PQ. 0+000 AO PQ. 0+820 (MEAÑO)". (EXPTE. 2020055079). (DEVOGARÁN 2025062761)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 10 de decembro de 2021 (CSV.- S18XC2LNS4HR42IK), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9306 Cobas-Padrenda, PQ. 0+000 ao PQ. 0+820 (Meaño)". (Núm. Expte. 2020055079)

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Narom, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
NAROM, S.L. (B-36.163.418)	19.785,04€	202100224058	29/11/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- BY3RR3KBNDHZ8OH2), no cal sinala que "(...), *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode proceder a liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto, procede a devolución da garantía definitiva constituída polo contratista por importe de dezanove mil setecentos oitenta e cinco euros con catro céntimos (19.785,04 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100224058, de data 29/11/2021. (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 5HF2F8K94FHUHS7E), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil NAROM, S.L. (B-36.163.418), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9306 Cobas-Padrenda, PQ. 0+000 ao PQ. 0+820 (Meaño)*” (Núm. Expte. 2020055079), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil NAROM, S.L. (B-36.163.418), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:
 - o A constituída, mediante aval emitido pola entidade aseguradora ASEFA, S.A. SEGUROS Y REASEGUROS (NIF.- A-08.171.605) “*Con certificado de seguro de Caución número 23822/02/41/2021/4449*”, por importe de dezanove mil setecentos oitenta e cinco euros con catro céntimos (19.785,04 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 29/11/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030543 (*Número de Carta de Pago 202100224058*).

15.35776.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2025 (ACORDO NÚMERO 10.35729) RELATIVO Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA GASÓLEOS AMIGO, S.L., PARA RESPONDER DA SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO “B” E “C” PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN (LOTE 2). (EXPTE. 2023019575)(DEVOGARÁN 2025067159)

Mediante acordo, número 10.35729, adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2025, procedeuse á devolución dunha serie de garantías definitivas, dentro das que se encontraba a devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil GASÓLEOS AMIGO, S.L. (CIF B-36736049), para participar no contrato relativo a “SUBMINISTRACIÓN DE GASÓLEO B E C PARA A MAQUINARIA E OS CENTROS DA DEPUTACIÓN LOTE NÚMERO 2”.

Resultando.- Que advertido un erro na constitución da garantía reflectida no citado acordo da Xunta de Goberno, procede a súa rectificación.

Considerando.- Que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o mencionado acordo no seguinte senso:

- Onde di:
 - “...
 - Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Gasóleos Amigo, S.L. (CIF.- B-36.736.049), adxudicataria do lote número 2 que compuxo dito contrato, que foi a seguinte:



- *A constituída en metálico, por importe de dous mil trescentos setenta e tres euros con cincuenta céntimos (2.373,50 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/06/2023, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202300125082 (Nº de operación 12024000030820).*

...”.

- Debe dicir:

“...

- *Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Gasóleos Amigo, S.L. (B-36.736.049), adxudicataria do lote número 2 que compuxo dito contrato, que foi a seguinte:*
 - *A constituída mediante aval emitido pola entidade ABANCA, CORPORACIÓN BANCARIA, S.A. (A-70.302.039) (Inscrito no Rexistro Especial de Avais co núm. 683664), por importe de dous mil trescentos setenta e tres euros con cincuenta céntimos (2.373,50 €), que foi depositada na Tesourería Provincial, segundo mandamento de ingreso con número de anotación 12025000177284, con data de anotación 01/10/2025 (Carta de Pago número 202300125082, de data 21/06/2023).*

...”.

O resto do texto contido no acordo, número 10.35729, adoptado pola Xunta de Goberno, de data 31 de outubro de 2025, permanecerá invariable.

16.35777.- DECLARACIÓN DE ABANDONO DA EMPRESA TAKTIKA COMUNICACIÓN S.L. (CIF: B36852846) DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS (EXPTE. 2022015213).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022, acordou admitir á empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:

- Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexos 79800000-2 Servicios de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
- Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servicios de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.

O referido contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) con data 21 de outubro de 2022, con efectos desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de decembro de 2023, establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas cunha duración dun ano.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou a primeira prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros”.



A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de outubro de 2024, aprobou a segunda prórroga do “Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros”. Durante esta prórroga tamén acordou:

- Na súa sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024, acordou excluír por abandono á empresa Taktika Comunicación S.L (CIF:B36852846).
- Na súa sesión ordinaria do día 11 de abril de 2025, acordou a admisión da empresa Taktika Comunicación S.L (CIF:B36852846). Formalizándose o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) con data 14 de maio de 2025.

Mediante Resolucións Presidenciais número 2025007644, 2025007724, 2025008084 Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) non presentou oferta en ningún dos seguintes contratos específicos:

- Impresión da axenda 2026 para o Museo de Pontevedra (Expt.2025061333)
- Impresión do Catálogo da Exposición Campo de Sementes (Expt.2025061542)
- Impresión de 500 exemplares de axendas 2026 “+ IGUALDADE NA NOSA AXENDA. MULLERES DE PALABRAS” (Expt.2025064418)
- Impresión de material promocional do destino Rías Baixas (Expt.2025066646)

Tendo en conta que a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) foi invitada a presentar oferta na licitación de todos os contratos específicos que se tramitaron desde a sinatura do contrato, sen embargo, non presentou oferta ás catro últimas invitacións consecutivas.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que “*en calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, entendéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior*”.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 6 de novembro de 2025 no que, a modo de conclusión indica que:

“Tendo en conta que a empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) non presentou oferta aos catro últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considérase que abandonou o sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra”.

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición dos servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Excluír por abandono á empresa Taktika Comunicación S.L. (CIF:B36852846) do sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos catro últimos contratos específicos.



17.35778.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES.
2025071795, 2025071797, 2025071845 E 2025072001).

a) Vista a relación de operacións con número 2025071795 (CSV: 0PT9OA4QA5YF7334), que contén 1 operación por un importe de 2.910,05€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	2.910,05€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	2.910,05€

b) Vista a relación de operacións con número 2025071797 (CSV: Z2CZ5R5EVDKVVHIE8), que contén 9 operacións por un importe de 25.577,42€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	25.364,10€
IVE soportable deducible	213,32€
Retencións	0,00 €
Total líquido	25.577,42€

c) Vista a relación de operacións con número 2025071845 (CSV: 0WLANBIS6CBDEVW1), que contén 1 operacións por un importe de 160,76€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	160,76€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	160,76€



d) Vista a relación de operacións con número 2025072001 (CSV: 08YB0CBBW31EIG7D), que contén 1 operación por un importe de 544,50 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	544,50€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	544,50

18.35779.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE. 2025072448)

Vista a relación de operacións con número 2025072448 (CSV: ZFBXC68STB9YJ9DJ), que contén 1 operación por un importe de 3.630,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	3.630,00€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	3.630,00€

19.35780.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO
NÚMERO 46/2025 POR IMPORTE DE 25.000,00 EUROS (EXPTE. 2025074393)

A Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a través de escrito asinado con data, 12 de novembro de 2025, poñen de manifesto que é necesario incrementar a dotación orzamentaria da aplicación 25/921.9200.226.04, para afrontar os gastos xudiciais do Servizo de Recursos Humanos e Formación derivados das demandas existentes na actualidade en vía contencioso-administrativo, motivo polo que propón a tramitación, ao abeiro do establecido no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e bases de execución do vixente orzamento provincial, dun expediente de transferencia de crédito, por importe global de 25.000,00 euros, co seguinte detalle en canto das aplicacións propostas para minorar e incrementar o seu crédito, así como o seu importe, e que son as seguintes:



Aplicación que minora crédito	Importe	Aplicación que incrementa crédito
25/922.9330.226.04.	25.000,00 €	25/921.9200.226.04
TOTAL	25.000,00 €	

Resultando que a Intervención emite informe con data 12 de novembro de 2025, no que deixa constancia de que a proposta que efectúan a Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio para realizar este expediente de transferencia de crédito por importe global de 25.000,00 euros, cumpre os requisitos previstos na normativa aplicable, e dicir, as variacións de crédito propostas non afectan a créditos nados como consecuencia de ampliacións nin expedientes de crédito extraordinario concedidos durante o exercicio, e non se minoran créditos que fosen incrementados con suplementos, transferencias, ou incorporados como remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados, ou, de selo, afectan a créditos de persoal, aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas ou veñen provocados por reorganizacións administrativas.

Resultando que pola Intervención comprobouse a existencia de crédito dentro das seguintes aplicacións orzamentarias que minoran o seu crédito polos seguintes importes:

Aplicacións que minoran crédito	Importe	Documentos RC_MOD
25/922.9330.226.04.	25.000,00 €	12025000219379 12025000219436
TOTAL	25.000,00 €	

Considerando o establecido nos artigos 179,180 e concordantes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (T.R.L.R.H.L.), así como nos artigos 40,41, 42 e concordantes do Real decreto 500/90 de 20 de abril e nas Bases nº 7 e 10 de execución do vixente orzamento provincial

Considerando que o órgano competente para aprobar o expediente é a Xunta de Goberno por tratarse de transferencias de crédito da mesma área de gasto pero xestinados por centros xestores distintos (Base 10ª apartado. 3.b).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 46/2025 por importe de veinticinco mil euros (25.000,00 €), minorando e aumentando o crédito nos importes e nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:

APLICACIÓNS QUE MINORAN CRÉDITO

CÓDIGO APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/922.9330.226.04	Gastos xurídicos - Contratación	25.000,00 €
	TOTAL.....	25.000,00 €



APLICACIÓN QUE AUMENTAN CRÉDITO

CÓDIGO APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
25/921.9200.226.04	Gastos xurídicos – Recursos Humanos e Formación	25.000,00 €
	TOTAL.....	25.000,00 €

20.35781.- COMUNICACIÓN

Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de Asesoría Xurídica desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLESRECURSOS HUMANOS

01. *Sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no Procedemento Abreviado nº 234/24, promovido por d. Heitor García Ferreiro, sobre materia de persoal (Expte. 2024061709)*

Dada conta que con data 4 de setembro de 2025, tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 234/24, promovido por D. HEITOR GARCÍA FERREIRO, contra a resolución ditada polo deputado delegado en materia de persoal da Deputación de Pontevedra na data 31/5/24, pola que se desestimou o recurso de alzada presentado contra o acordo do tribunal cualificador do proceso selectivo de oficial telefonista de data 22/4/24, no que se anunciou o resultado do segundo e terceiro exercicio e a proposta de nomeamento do proceso selectivo para cubrir unha praza de oficial/a telefonista, vacante no cadro de persoal funcionario) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

PRÍNCIPE FELIPE

02. *Sentenza do Xulgado de menores nº 1 de Pontevedra, ditada no Expediente de Reforma núm. 280/24 seguidos contra menor, por feitos acaecidos no Centro Príncipe Felipe (Expte. 2024063038)*

Dada conta que con data 9 de setembro 2025, tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de Menores nº 1 de Pontevedra (recaída no Expediente de Reforma número 280/24 seguido contra a menor Y.C.G., pola comisión de tres delitos de atentado e dous delitos leves de lesións, ocorridos entre os días 5 e 6 de agosto do 2024, no Centro Príncipe Felipe, na que se condena á menor como autora responsable dos delitos descritos á medida de NOVE MESES DE INTERNAMENTO EN RÉXIME SEMIABERTO, dos que seis serán de internamento efectivo e tres de liberdade vixiada, e ós proxenitores da antedita menor en concepto de responsabilidade civil, que indemnizarán á educadora prexudicada do Centro Príncipe Felipe na cantidade de 4.025,55 €) exonerando á Excma. Deputación Provincial de Pontevedra da responsabilidade civil solidaria, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



INFRAESTRUTURAS

03. *Sentenza do Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra, ditada no Procedemento Abreviado nº 352/24, dimanante das Dilixencias Previas nº 60/24, seguidas perante o Xulgado de 1ª instancia e instrución nº 1 de Ponteareas, contra d. Avelino Rodríguez Seoane, por un delito de danos (Expte. 2024009766)*

Dada conta que con data 23 de outubro 2025, tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Penal nº 1 de Pontevedra (ditada no Procedemento Abreviado nº 352/24, dimanante das Dilixencias Previas nº 60/24, seguidas perante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Ponteareas, contra D. Avelino Rodríguez Seoane, por danos causados nun sinal de tráfico no p.q. 4+100 da E.P.4001, con motivo do accidente ocorrido o día 07/07/23, no termo municipal de Ponteareas) na que se condena ó acusado do delito de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas do artigo 379.2 do Código Penal, á pena de seis meses de multa a razón de 5 euros ao día (total 900,00 €) mais a privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo dun ano e un día, así como a indemnizar a Deputación de Pontevedra na cantidade de 150,00 €, polos danos causados, con imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

SENTENZAS DESFAVORABLES

RECURSOS HUMANOS

04. *Sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no Procedemento Abreviado nº 220/25, promovido pola confederación sindical de Comisiones Obreras (CC.OO.), sobre materia de persoal (Expte. 2025054721)*

Dada conta que con data 28 de outubro de 2025 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 220/25 promovido pola CONFEDERACIÓN SINDICAL DE COMISIONES OBRERAS (CC.OO.), contra a Resolución Presidencial de data 2/5/25, desestimatoria do recurso de reposición presentado fronte á convocatoria do procedemento selectivo para cubrir unha praza de Técnico de Administración Xeral -A1- (quenda libre) da oferta de emprego público dos anos 2023 e 2024, publicada no BOP do 23 de xaneiro de 2025 e no BOE do 6 de marzo de 2025), na que se estima o recurso contencioso-administrativo interposto pola Confederación Sindical de Comisiones Obreiras (CCOO), anulando parcialmente a base terceira da devandita convocatoria, específica para a praza de técnico de administración xeral, por térselle dado unha redación que inhabilita aos/ás graduados/as en Dirección e Xestión Pública para concorrer ao procedemento selectivo, sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou á empresa *Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.*

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma, contra a que se pode interpoñer recurso de apelación.



DECRETOS, AUTOS FAVORABLESRECURSOS HUMANOS

05. *Decreto do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra, ditado na execución definitiva nº 15/25, dimanante do Procedemento Abreviado nº 88/24, promovido por d^a. Rosa Fernández Álvarez, sobre materia de persoal (Expte. 2025022061)*

Dada conta que con data 31 de xullo de 2025, tivo entrada nesta Deputación Decreto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaído na Execución Definitiva nº 15/25, dimanante do procedemento abreviado nº 88/24 promovido por D^a. ROSA FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, contra a Resolución Presidencial de data 15/1/24, que desestima o recurso de reposición formulado contra a resolución de data 28/11/23, desestimatoria da solicitude de adaptación de funcións no seu posto de traballo) no que se ten por executada a sentenza de data 27/11/24 logo das actuacións levadas a cabo pola Excm^a. Deputación Provincial as cales foron aceptadas expresamente pola demandante que, á súa vez, solicitou o arquivo do procedemento, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou á Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do citado decreto.

21.35782.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

PRESTAR A CONFORMIDADE DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MONTE DA LOMBA” DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA, INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPTE. 2024071594)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).



- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Vilanova de Arousa o importe que lle corresponde é de 139.349,72€.
- Mediante o acordo núm. 5.34362 de 15/11/2024 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial concedeuse unha subvención por importe de 139.349,72 € ao Concello de Vilanova de Arousa, con destino ao financiamento do investimento denominado “Renovación do céspede artificial no campo de Fútbol Monte da Lomba”, cun orzamento de 215.121,99€ e unha achega municipal de 75.772,27 €.
- O proxecto modificado conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 13/11/2025 (CSV: ZSN2OGOQISK9ZODL).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 21ª do II PEID
- O 13/11/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificado do proxecto (CSV: 8Y225GCO0THOZKVV) e na mesma data a Intervención provincial informa favorablemente (CSV: RV41UQKF4H9KPF14).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 21ª do II PEID, relativa á modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Visto que o proxecto modificado presentado polo Concello de Vilanova de Arousa non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o orzamento do novo proxecto mantense respecto do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida, e o Concello asume o compromiso de cofinanciamento da citada cantidade.

Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no II PEID e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao proxecto técnico modificado da actuación denominada “Renovación do céspede artificial no campo de Fútbol Monte da Lomba” presentado polo Concello de Vilanova de Arousa ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 215.121,99 € .
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



22.35783.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

